



MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 26/01/2018

Na vila de Vimianzo, ás vinte horas do día vinte e seis de xaneiro de dous mil dezoito, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
D. Fernando Mancebo Amigo
D.^a María José Ramos Rey
D. José Trillo Lema
D.^a. Marta Rey Lema
D. José Antonio Vidal Mira
D.^a. María Élda Pequeño Lorenzo
D.^a Estephanie Castro Oanes
D.^a Mónica Rodríguez Ordoñez
D. Mario Andújar Mouzo
D.^a. Paula Mouzo Maceiras
D.^a. Raquel Rodríguez Amigo
D. José Manuel Rodríguez Blanco

Secretaria: D.^a. María Cristina Varela García
Interventora: D.^a. María Lourdes Castro Pena

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación *ope legis* das actas das sesións ordinaria celebrada o 17 de novembro e extraordinaria celebrada o 19 de decembro de 2017.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación ás citadas actas.

Non formulándose ningunha observación, quedan aprobadas as actas das sesións ordinaria celebrada o 17 de novembro e extraordinaria celebrada o 19 de decembro de 2017.

2º. Desestimación dos recursos de reposición presentados contra o acordo do Pleno do 28 de agosto de 2017, de aprobación definitiva da Relación de Postos de Traballo do Concello de Vimianzo.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 15 de xaneiro de 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais reunida o 23 de xaneiro de 2018, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: desestimación dos recursos de reposición presentados contra o acordo do Pleno do 28 de agosto de 2017, de aprobación definitiva da Relación de Postos de Traballo do Concello de Vimianzo.



En cumprimento do artigo 90.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, este Concello está a realizar a tramitación oportuna para aprobar a Relación de Postos de Traballo.

O artigo 37 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, determina as materias que deben ser obxecto de negociación cos persoal ao servizo das Administracións Públicas. Contendo dita Relación de Postos de Traballo materias que deben ser obxecto de negociación, celebráronse as seguintes reunión da mesa de negociación: o 12 de maio tivo lugar a primeira reunión da Mesa de Negociación, o 22 de maio a segunda, o 26 de maio a terceira, o 2 de xuño a cuarta e o 9 de xuño a quinta, na que se someteu a votación o documento proposto pola Alcaldía tras a fase de negociación, asinado dixitalmente o 06/06/2017.

Consta no expediente o informe do catedrático da Universidade da Coruña D. Carlos Amoedo Souto, asinado o 11/05/2017, así como a memoria de oportunidade da Alcaldía de data 12/06/2017.

Visto o informe emitido pola Intervención municipal o 13/03/2017, en sentido favorable, o Pleno da Corporación aprobou inicialmente o expediente da Relación de Postos de Traballo do Concello de Vimianzo na sesión extraordinaria celebrada o 21 de xuño de 2017.

O anuncio de aprobación inicial publicouse no BOP n.º 120 do 27 de xuño de 2017, e no taboleiro de edictos e páxina web municipal.

Segundo o certificado da Secretaría municipal de data 27 de xullo de 2017, no trámite de exposición pública presentáronse as seguintes alegacións: D. Elías F. Cernadas Carballo e D. Calixto González Arias (RE 4589), D. José Luis Caamaño Domínguez (RE 4602), D. Manuel V. Antelo Santos (RE 4603), D. José Domingo Rodríguez Ferreira (RE 4604), D^a. M.^a Teresa Castro Arturo (RE 4605), D^a. Sandra M.^a Abeijón Romero (RE 4609) e D. Julio Vázquez Rodríguez (RE 00006299e1701975665).

Consta informe do catedrático da Universidade da Coruña D. Carlos Amoedo Souto, asinado o 17/08/2017, con RE 5015, que conclúe a necesidade de desestimar as alegacións presentadas. En tal sentido se pronunciou o Pleno da Corporación na sesión extraordinaria celebrada o 28 de agosto de 2017, na que adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Desestimar íntegramente as alegacións presentadas por D. Elías F. Cernadas Carballo e D. Calixto González Arias (RE 4589), D. José Luis Caamaño Domínguez (RE 4602), D. Manuel V. Antelo Santos (RE 4603), D. José Domingo Rodríguez Ferreira (RE 4604), D^a. M.^a Teresa Castro Arturo (RE 4605), D^a. Sandra M.^a Abeijón Romero (RE 4609) e D. Julio Vázquez Rodríguez (RE 00006299e1701975665), polos motivos indicados no informe do catedrático da Universidade da Coruña D. Carlos Amoedo Souto, asinado o 17/08/2017, con RE 5015.

Segundo.- Rectificar a ficha do posto de arquitecto municipal (UAF-01) no referente á descrición das funcións, de xeito que onde di: “Xestión de licenzas, planeamento e expedientes de disciplina e reposición da legalidade urbanística. Outras funcións relacionadas co posto de traballo que lle sexan encomendadas polo seu superior”, debe dicir: “Informe sobre licenzas, planeamento e expedientes de disciplina e reposición da legalidade urbanística. Outras funcións relacionadas co posto de traballo que lle sexan encomendadas polo seu superior”.

Terceiro.- Aprobar definitivamente a Relación de Postos de Traballo deste Concello, co texto que figura no expediente. A súa entrada en vigor producirase o 1 de xaneiro de 2018.

Cuarta.- Unha vez aprobada definitivamente, a Relación de Postos de Traballo publicarase íntegramente no Boletín Oficial da Provincia e remitirase unha copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma no prazo de trinta días.

Quinto.- Notificar o presente acordo aos interesados, con indicación dos recursos que procedan.”

O acordo foi notificado aos interesados e o documento da RPT foi publicado no BOP o 6 de setembro de 2017, e remitida copia ás administracións estatal e autonómica.

Vistos os recursos de reposición presentados polos funcionarios D^a. M.^a Teresa Castro Arturo, D^a. Sandra M.^a Abeijón Romero, D. José D. Rodríguez Ferreira, D. Manuel V. Antelo Santos, D. José Luis Caamaño Domínguez, D. Calixto González Arias e D. Elías F. Cernadas Carballo, solicitouse informe ao catedrático da Universidade da Coruña D. Carlos Amoedo Souto. Consta informe recibido o 29 de decembro de 2017, con RE 8134, que se transcribe literalmente:



“INFORME SOBRE OS RECURSOS DE REPOSICIÓN FORMULADOS POR DIVERSOS FUNCIONARIOS E FUNCIONARIAS DO CONCELLO DE VIMIANZO CONTRA O ACORDO DE APROBACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

ANTECEDENTES

PRIMEIRO -. Por acordo de data 28 de agosto de 2017, o Pleno do Concello de Vimianzo aprobou definitivamente a Relación de Postos de Traballo, publicada no BOP da Coruña de 6 de setembro de 2017.

SEGUNDO -. Contra este acordo, e dentro do prazo establecido no art. 124 da Lei 39/2015 (en diante LPACAP), formularon recurso de reposición as funcionarias María Teresa Castro Arturo e Sandra María Abeijón Romero e os funcionarios Elías Francisco Cernadas Carballo, Calixto González Arias, José Luís Caamaño Domínguez, Manuel Vicente Antelo Santos e José Domingo Rodríguez Ferreira.

TERCEIRO -. Por pedimento da Alcaldía, a medio do presente escrito procedemos a informar en Dereito á Alcaldía sobre o contido dos motivos impugnatorios aducidos nos referidos recursos que, para maior clareza, sintetízanse nos cinco seguintes:

- 1) **Infracción da doutrina establecida na Sentenza do TSXG de 18 de xaneiro de 2012**, ao se tomar en conta o grupo de titulación para a determinación do complemento específico (Sandra María Abeijón Romero, José Luís Caamaño Domínguez, José Domingo Rodríguez Ferreira, Manuel Vicente Antelo Santos e María Teresa Castro Arturo).
- 2) **Violación do dereito á carreira profesional dos funcionarios e funcionarias públicos** (Sandra María Abeijón Romero, José Luís Caamaño Domínguez, José Domingo Rodríguez Ferreira, Manuel Vicente Antelo Santos e María Teresa Castro Arturo).
- 3) **Falta de motivación da modificación do complemento de destino ou do complemento específico asignado ao posto de traballo** (José Luís Caamaño Domínguez, José Domingo Rodríguez Ferreira, Manuel Vicente Antelo Santos, Elías Francisco Cernadas Carballo, Calixto González Arias e María Teresa Castro Arturo).
- 4) **Descoñecemento do Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario do Concello de Vimianzo de 2007** (Sandra María Abeijón Romero, José Luís Caamaño Domínguez, José Domingo Rodríguez Ferreira, Manuel Vicente Antelo Santos e María Teresa Castro Arturo).
- 5) **Non atribución dun Complemento Persoal Transitorio que compense a baixada do complemento específico** (Sandra María Abeijón Romero, José Luís Caamaño Domínguez, José Domingo Rodríguez Ferreira, Manuel Vicente Antelo Santos e María Teresa Castro Arturo).

FUNDAMENTOS

1. Sobre a infracción da Sentenza de 18 de xaneiro de 2012 do TSXG

Alegan todos os recorrentes que, ao se determinar un tramo fixo do CE en función do complemento de destino asignado a cadanseu posto de traballo estaríase a conculcar a normativa de aplicación tal e como esta é interpretada pola Sentenza do TSXG nº 22/2012, do 18 de xaneiro de 2012 (relator: Fernando Seoane Pesqueira, JUR 2012/37274), segundo a cal “o grupo de titulación non pode incidir na fixación do complemento específico, ao non ter conexión coas características do posto de traballo desempeñado”.

A este respecto, alén de darmos por reproducidas aos efectos do disposto no art. 88.6 LPACAP os argumentos expostos no ditame de 17 de agosto de 2017 de contestación ás alegacións formuladas contra a aprobación provisional da RPT, debe insistirse en que non hai unha xurisprudencia consolidada na Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG a respecto desta cuestión.

Nunha Sentenza posterior á aducida polos recorrentes, o propio TSXG dá por boa, desestimando o recurso interposto contra a RPT do Concello de Laxe, unha valoración individualizada dos postos de traballo na que a titulación ten, tal e como acontece na RPT de Vimianzo, un valor decisivo: “*Con dicha especificación se exterioriza la valoración individualizada de cada puesto, por lo que fácil tenía la recurrente centrar la crítica en aquella evaluación, lejos de lo cual dirige una censura general a determinados puestos sin la necesaria especificación. En concreto, al puesto de Secretario-Interventor se le conceden 2.150 puntos, justificándose racionalmente la puntuación en cada uno de los factores de titulación (500), otros estudios de de especialización (400), experiencia requerida (250), responsabilidad por mando (150), responsabilidad por repercusión en los resultados de la organización (500), esfuerzo intelectual (150), características de la jornada (50) y dedicación (150). Al margen del incremento que pueda significar respecto a los concedidos en el año 2007, resulta lógica la asignación de la puntuación concedida en cada uno de aquellos parámetros computables para el complemento específico*” (Sentenza do TSXG 354/2013, de 30 de abril, relator: Fernando Seoane Pesqueira, RJCA 2013/599).

De resto, cabe sinalarmos que non existe a día de hoxe doutrina xurisprudencial da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo ao respecto.

De feito, o pasado 4 de abril do 2017 foi admitido a trámite mediante Auto da Sala Especial o recurso de casación 331/2017, ao entender a Sección de Admisión da Sala Terceira do Tribunal Supremo que presentan interese casacional obxectivo para a formación de xurisprudencia as seguintes cuestións:

“1. Si para la fijación de la cuantía individualizada del complemento específico en una relación de puestos de trabajo de la Administración de Justicia, debe procederse necesariamente y en todo caso a una valoración de las condiciones particulares de los puestos de trabajo previa o, al menos, paralela, a la aprobación de dicha relación de puestos de trabajo.

2. De ser así, si la falta de esa previa o simultánea valoración de los puestos de trabajo determina la nulidad o anulabilidad de la relación de puestos de trabajo en el concreto pronunciamiento que establece la cuantía individualizada del complemento específico de los puestos de trabajo comprendidos en ella.

Y ello por entender que, además de concurrir las presunciones de interés casacional previstas en las letras a) y e) del artículo 88.3 de la LJCA, la decisión adoptada afecta a un gran número de situaciones por trascender del caso objeto del proceso, habida cuenta de que la relación de puestos de trabajo recurrida establece la cuantía individualizada del complemento específico de todos los puestos comprendidos en ella, razón por la que cabe apreciar la circunstancia que prevé el artículo 88.2.c) de la LJCA”.

Cuestión, como se ve, parcialmente coincidente coa suscitada polos recorrentes, e que precisamente se admite para a formación de xurisprudencia neste punto.

En conclusión, esta alegación debería ser rexeitada.

2. Vulneración do dereito á carreira profesional das funcionarias e funcionarios recorrentes

Reiterando no recurso as alegacións formuladas contra o acordo de aprobación provisional da RPT, os e as recorrentes alegan que a modificación do CD asignado aos postos de traballo que ocupan suporía unha vulneración do seu dereito á carreira profesional –progresión horizontal– ao entrar en contradición co grao persoal consolidado por cada un e cada unha deles.

Neste sentido, á marxe de que se dean por reproducidas as consideracións realizadas no xa referido ditame de 17 de agosto dos correntes, debe reiterarse que os recorrentes semellan confundir a ordenación, clasificación e valoración obxectiva dos postos de traballo –pois tal é a finalidade e contido propio da RPT– co grao persoal consolidado da persoa que en cada caso o ocupe.

Baste para fundar a nosa opinión contraria ao acollemento deste motivo impugnatorio o que, de forma reiterada, ten declarado a xurisprudencia a respecto dos límites que os dereitos adquiridos dos empregados públicos supoñen para o exercicio da potestade organizatoria das Administracións Públicas.

Así, reproducida por moitas outras sentenzas posteriores, a STS de 13 de abril de 1999 declara que *“en el ámbito de las reorganizaciones funcionariales que las Administraciones Públicas puedan efectuar a través de los cauces legalmente establecidos, los funcionarios no pueden oponer, frente a aquéllas, pretensiones de congelación indefinida de situaciones jurídicas preexistentes, salvo que las mismas puedan verdaderamente considerarse como derechos adquiridos, pero en sentido estricto, no en el sentido extensivo que en ocasiones se pretende dar a la expresión y que convierte en derecho adquirido cualquier aspecto existente en la relación jurídica entre Administración y funcionario, olvidando el carácter estatutario de la misma y la sujeción de este último a las potestades de configuración de aquélla por la Administración. Ha de decirse, pues, que ni el funcionario integrado en una determinada Administración puede exigir la perpetuación de todas las circunstancias propias de su puesto (funciones, dependencia jerárquica, etc.) cuando la Administración opera una reorganización por los cauces legales, sino sólo de aquéllas que normativamente se regulan como inalterables. Sólo cabe entender que habrá de respetarse lo que cabe consolidar, como son los derechos económicos correspondientes al grado consolidado y el grado mismo (art. 21 de la Ley 30/84, de 2 de agosto , de Medidas para la Reforma de la Función Pública), la inamovilidad geográfica relativa y el derecho al cargo (art. 63.2 de la Ley de Funcionarios Civiles del Estado), pero este último derecho interpretado en la forma que se ala la Sentencia del Tribunal Supremo de 11-3-92 , es decir, como derecho a no ser privado de la condición de funcionario, y el que el puesto al que se asigne al funcionario sea de acceso por concurso, si por concurso accedió al que tenía, como garantía frente a la remoción (artículo 20.1.e de la Ley 30/84)”*. O subliñado é noso.

3. Falta de motivación da modificación do complemento de destino ou do complemento específico asignado ao posto de traballo

Sen prexuízo do indicado no ditame de 17 de agosto, debe sinalarse que as modificacións introducidas na RPT do Concello de Vimianzo a respecto da situación anterior áchanse perfecta e cumpridamente xustificadas na memoria, nas fichas e nos demais documentos que integran o expediente deste acordo plenario.

Cousa diferente é que, tal e como expresamente recoñecen algúns dos recorrentes, os motivos fácticos e xurídicos aducidos pola Administración municipal non sexan compartillados por eles e elas cando, por exemplo, botan en falta que na valoración dun posto de traballo se inclúan novos factores diferentes dos lexitimamente escollidos polo Concello e explicitados na memoria, en uso da potestade de organización, ou que pretendan –obviando as diferentes funcións e estruturas retributivas dun e doutro colectivo– que se lle aplique ao persoal funcionario factores que na RPT se aplican en exclusiva ao persoal laboral.

Referíndonos novamente á STSXG 354/2013, de 30 de abril, neste resolución o alto tribunal galego considera – en razoamento perfectamente aplicábel á RPT do Concello de Vimianzo impugnada polos recorrentes – que existe unha motivación xusta e suficiente das decisións organizativas adoptadas cando *“en el expediente queda reflejado el estudio previo de cada uno de los puestos de trabajo de la Corporación municipal así como las funciones encomendadas a cada uno de ellos (folios 6 y siguientes), los puntos que a cada uno corresponden, en función de cada uno de los parámetros que han de computarse en el complemento específico, es decir, especial dificultad técnica, régimen de dedicación, peligrosidad, penosidad, experiencia, responsabilidad por mando, responsabilidad por repercusión en los resultados de la organización, características de jornada, etc, añadiendo otros como titulaciones académicas, otros estudios de especialización (por ejemplo, taquigrafía, ofimática avanzada, conducción de vehículos especiales, habilitación de actividades profesionales y técnicas, etc), esfuerzo intelectual, y esfuerzo físico (folios 2 a 5)”*.

Engade aínda esta sentenza que compete aos recorrentes probar a existencia de erro patente ou arbitrariedade na valoración efectuada dos diferentes postos de traballo, non sendo suficiente, a estes efectos, alegar a diferenza existente entre o CE asignado anteriormente e o establecido pola nova RPT.

En conclusión, consideramos que este motivo impugnatorio debe ser tamén rexeitado.

4. Descoñecemento do Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario do Concello de Vimianzo de 2007

Todos e todas as recorrentes alegan como motivo de invalidez da RPT a contradición existente entre esta e o Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario do Concello de Vimianzo celebrado –non por acaso–, antes da promulgación do EBEP.

A pretendida vulneración dese Acordo concretaríase en que, segundo aducen os recorrentes, a nova RPT vulnera o disposto no artigo 14.13 do referido acordo que a seguir se reproduce:

“É necesario no ámbito do emprego público un esforzo modernizador baseado na fixación de obxectivos e á avaliación dos resultados. O futuro Estatuto Básico do Empregado Público avanza nesta liña de avaliación que é o fundamento e base dunha boa ordenación dos recursos públicos. Por outra banda, os novos desafíos teñan o seu reflexo nas principais calidades que han de ter os empregados públicos actuais, como son unha perspectiva enfocada cara á xestión, altos niveis de formación, capacidade de adaptación a ámbitos cada vez máis cambiantes e actitude de responsabilidade ante os resultados do labor individual e colectivo. Co fin de avanzar no obxectivo de modernización do emprego público a través da valoración dos postos de traballo e da dignificación das traballadoras e traballadores públicos, como elemento principal para dar cumprimento os importantísimos fins de equidade, xustiza e servizo público que persegue esta administración local e para que sirva de referencia en termos de experiencia, dedicación, traxectoria, actuación profesional, calidade dos traballos realizados e coñecemento adquiridos co paso do tempo e que deberá terse en conta á hora en concursos, procesos selectivos, establececese o seguinte esquema para o seu cálculo desta magnitude:

número de grado persoal (G) = número de anos de servizo /3. (resultado en valor enteiro) aumentando o número de grado persoal cada tres anos de servizo.

O cambio de números de grado persoal, polo paso do tempo, levará consigo tamén, que o valor das retribucións de cada un dos funcionarios divididas entre o número de grado persoal de cada un dos funcionarios comprendidos no ámbito subxectivo de aplicación deste acordo, que teña no momento inmediatamente posterior o cambio do número de grado persoal, serán considerados como valor mínimo para o período ata a próximo cambio de número de grado persoal; momento, no que deberá ser volto a calcular dito valor.

No caso de variacións extraordinarias nas condicións do posto de traballo concreto, o ítem que se calculou no parágrafo anterior, non poderá ser inferior ao valor calculado no momento despois do último cambio do grado persoal para ese funcionario, aínda que as retribucións da praza que ocupe puideran ter valores inferiores”.

Á marxe da escuridade do precepto –quizais procurada a mantenta a fin de dificultar a súa fiscalización ou impugnación por órganos superiores– parece, e así é interpretado polos recorrentes, que o acordo introduce (a) un novo concepto retributivo diferente dos fixados legalmente, (b) un procedemento para a progresión de grao persoal polo mero transcurso do tempo, tamén diferente do fixado legalmente e, en fin, (c) unha garantía retributiva que tamén vai alén da fixada pola normativa e a xurisprudencia en materia de emprego público ao incluír non só o CD mais tamén o CE.

Así as cousas, se tal fose o contido do acordo, este debería reputarse nulo de pleno dereito por incidir en materias reservadas á lei e alleas, por esa razón, ao ámbito do negociábel que, no caso do persoal funcionario é máis limitado que no do persoal laboral. Nese sentido, anulando unha previsión similar ao art. 14.13 do acordo vimiancés de 2007, o TSX de Madrid, en Sentenza 193/2015, de 17 de abril, que a seguir reproducimos:

“El artículo 47 del Acuerdo Colectivo de los Empleados Públicos del Excmo. Ayuntamiento de San Fernando de Henares (Madrid) de referencia, cuya anulación se postula por la Abogacía del Estado, prevé un incremento de un Nivel en el Complemento de Destino, con las repercusiones económicas que ello comporta, en base simplemente a la antigüedad de diez años en el desempeño de un puesto de trabajo, abstracción hecha de cualquier otra consideración, siempre que no se haya alcanzado el nivel máximo asignado al Grupo correspondiente por el funcionario afectado.

Pues bien, aunque el artículo 24 de la Ley 7/2007, de 12 de Abril, que aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, determina que la cuantía y estructura de las retribuciones complementarias de los funcionarios se establecerán por las correspondientes leyes de cada Administración Pública atendiendo fundamentalmente a los factores que en el mismo se detallan, lo que no autoriza este precepto es que cada Administración Pública, ni siquiera por la vía de la negociación colectiva, desnaturalice por completo un determinado concepto retributivo dotándole de características, no sólo no previstas para el mismo, sino completamente contrarias a su propia esencia y significación.

Este es el caso que nos ocupa, precisamente, pues el complemento de destino, desde su configuración por el artículo 23 a) de la Ley 30/1984, de 2 de Agosto, de Medidas para la Reforma para la Función Pública, se caracteriza en nuestro Ordenamiento Jurídico como una retribución complementaria que atiende al Nivel del puesto de trabajo concreto y determinado, en función de sus características definitorias, pero no está destinado a retribuir o a modificarse por el mero hecho de su desempeño, por un funcionario, durante un período más o menos largo de tiempo”.

Repárese en que, á diferenza do caso analizado nesta sentenza, no acordo de 2007 non só resulta desnaturalizado o CD senón que tamén se modifica a configuración legal do CE.

En conclusión, todas as indicadas son razóns bastantes para sustentar o rexeitamento deste motivo impugnatorio, ben por entender que o acordo de 2007 foi derogado sobrevidamente logo da entrada en vigor do EBEP ou que, en calquera caso, este acordo debe inaplicarse por vulnerar a garantía da xerarquía normativa e a reserva legal existente nas materias de retribucións no ámbito do emprego público.

5. Non recoñecemento dun Complemento Persoal Transitorio que compense a baixada do complemento específico

Alén do indicado no ditame de 17 de agosto de 2017, que se dan por reproducidos, na medida en que os recorrentes parecen indicar a existencia dun tratamento discriminatorio ao non se lles recoñecer a eles e a elas un CPT que si é asignado a outros dous funcionarios, cumpre realizar as seguintes consideracións:

- O CPT recoñécese en exclusiva a dous funcionarios do Concello de Vimianzo aos que restan menos de dous anos para a xubilación, para que o impacto económico individual derivado da RPT nas súas bases de cotización sexa o menor posible. Estes casos son, entre todo o persoal municipal, os únicos que se encontran nesta situación. Existe, por tanto, un fundamento obxectivo e razoábel para a asignación dunha CPT a estes dous empregados.
- Para que poida existir unha vulneración do principio de igualdade é preciso demostrar que a diferenza de tratamento se produza entre situacións idénticas ou, cando menos, equiparábeis e que careza de fundamento obxectivo e razoábel.

No caso que nos ocupa, semella fora de calquera dúbida que a asignación dunha CPT en exclusiva aos traballadores municipais aos que resten menos de dous anos para a xubilación supón non só unha decisión organizativa xustificada e fundada nun criterio obxectivo senón tamén unha opción congruente coa natureza transitória – isto é, non permanente – deste complemento retributivo de carácter excepcional.

Xa que logo, ao noso xuízo ese motivo impugnatorio tamén debería ser rexeitado.

Este é o meu criterio, que someto a calquera outro mellor fundado en Dereito.

A Coruña, 28 de decembro de 2017

Carlos A. Amoedo Souto

Catedrático (EU) da Universidade da Coruña”



Por todo o cal propónse ao Pleno, previo ditame da comisión informativa de Asuntos Xerais, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Desestimar íntegramente os recursos de reposición presentados por D. Elías F. Cernadas Carballo e D. Calixto González Arias (RE 5987), D. José Luis Caamaño Domínguez (RE 6084), D. Manuel V. Antelo Santos (RE 6216), D. José Domingo Rodríguez Ferreira (RE 201799900000103), D^a. M.^a Teresa Castro Arturo (RE 5985) e D^a. Sandra M.^a Abeijón Romero (RE 5974) contra o acordo plenario adoptado na sesión extraordinaria do 28 de agosto de 2017, polos motivos indicados no informe do catedrático da Universidade da Coruña D. Carlos Amoedo Souto, con RE 8134, que consta transcrito na parte expositiva e serve de motivación ao presente acordo segundo o establecido no art. 35 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. En consecuencia, confírmase íntegramente o acordo recorrido, por ser conforme a dereito..

Segundo.- Rectificar a ficha do posto de auxiliar administrativo (páx. 32) no referente aos postos homoxéneos, de xeito que onde di: “4”, debe dicir: “5”.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos interesados, con indicación dos recursos que procedan.

Vimianzo, a 15 de xaneiro de 2018
O alcalde

Manuel Antelo Pazos”

A concelleira do PSOE afirma que xa no seu día opinou e di que neste expediente o alcalde é o cociñeiro e non sabe como sairá o menú pero si vai ter consecuencias.

A concelleira do PP considera que o alcalde debe darlle unha volta a ver que opinan todos para tratar de acadar un consenso en vez de meternos en contenciosos.

O concelleiro de TEGA di que houbo recursos de reposición pero non hai informes dos técnicos municipais. Escoitou que algún traballador vai cobrar 600 euros menos ao mes con respecto ao ano pasado, o cal lle parece gravísimo, porque ese traballador ten unha familia e conta con un salario que agora non ten.

A concelleira de IxV di que non ten nada en contra do Sr. Amoedo pero facendo unha análise da RPT, o resultado é inxusto. Había que reunirse cos departamentos afectados, manter as nóminas e esixirles máis traballo e que os veciños se beneficiaran. Tacha a RPT de castigo contra certos traballadores. Pregunta porque non fixeron eses recortes no grupo de goberno, xa que o alcalde está entre os 34 rexedores que máis cobran de Galicia. Considera que ese desánimo que se pode xerar nos traballadores vai traer consecuencias negativas para os veciños. Bota de menos que non haxa supervisión dun terceiro dese traballo realizado pola UDC e afirma, con ironía, que a RPT se fixo cos mesmos criterios obxectivos cos que o alcalde reparte as gratificacións.

O alcalde lembra que a RPT foi froito dun proceso negociador moi intenso que obtivo o voto favorable de Comisións Obreiras e a abstención do CSIF, sindicato maioritario no concello. Se a oposición está en contra da RPT, o que tiñan que facer era votar en contra en lugar de absterse, como fixeron. A igual traballo, igual salario, sen que o contrario poda ser defendible por ninguén. Se houbo xente que sufriu recortes é porque eses salarios estaban sobrevalorados. O resultado final é acorde co nivel salarial dos concellos da zona e non houbo votos en contra por parte dos sindicatos. Os recursos foron informados polo catedrático Carlos Amoedo e contra este acordo cabe recurso en vía contenciosa.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por oito votos a favor de Adiante Vimianzo, cinco abstencións de IxV e grupo mixto e ningún voto en contra, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

3º. Desestimación do recurso de reposición interposto por D^a. María Vidal Soto contra a resolución do expediente de investigación dos camiños do Ribeiro, Pasarela.



Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 15 de xaneiro de 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais reunida o 23 de xaneiro de 2018, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: desestimación do recurso de reposición interposto por D^a. María Vidal Soto contra a resolución do expediente de investigación dos camiños do Ribeiro, Pasarela.

ANTECEDENTES

I.a) Expediente incoado polo Pleno o 28/09/2013, e resolto o 25/05/2015. Foi declarado caducado polo Pleno o 28/07/2017, en execución da sentenza do Xulgado Contencioso Administrativo n.º 4 de A Coruña n.º 215/16 de data 08/11/2016, confirmada polo TSXG de data 02/03/2017.

I.- Por acordo do Pleno de data 28 de setembro de 2013 iniciouse o expediente de investigación dos camiños do Ribeiro, no lugar de Pasarela, parroquia de Calo, motivado por un escrito de denuncia presentado o 9 de xaneiro de 2012 (RE 107) asinado por 31 veciños.

Con carácter previo tramitouse unha fase de estudo, no que se requeriu información ao Arquivo Histórico do Reino de Galicia e aos titulares das fincas colindantes para que aportasen documentación acreditativa da súa propiedade.

II.- O acordo foi publicado no BOP nº 198 do 17 de outubro de 2013, e notificado individualmente aos 31 veciños denunciados e aos propietarios das parcelas 1228 (M^a Teresa Lema Vázquez), 1229 (Celia Fuentes Méndez), 1230 (M^a Celia Lema Álvarez) e 1305 (María Vidal Soto).

III.- D^a. María Vidal Soto presentou escrito de alegacións o 18 de outubro de 2013, con RE 7447, no que básicamente rebate as argumentacións do arquitecto do Servizo de Urbanismo no informe emitido o 9 de xullo de 2013, e sinala que o camiño non ten carácter público.

IV.- O 5 de decembro de 2014, con RS 7278, o concello solicita ao Arquivo do Reino de Galicia certificado no que consten os lindes da finca 64 (que se correspondería coa zona investigada).

O 15 de decembro de 2014 con RE 10132 remítese a certificación, acompañada de documentación gráfica.

Incorpórase tamén un plano de concentración parcelaria, así como diferentes documentos gráficos procedentes de Google Maps e o Centro Nacional de Información Xeográfica.

V.- Por Providencia da Alcaldía de data 4 de febreiro de 2015 ábrese un período de proba, polo prazo dun mes, no que serán admisibles calquera dos medios contemplados no artigo 51 do Regulamento de Bens das Entidades Locais (os documentos públicos xudiciais, notariais ou administrativos outorgados conforme a dereito, o recoñecemento e ditame pericial e a declaración de testigos), que a tal efecto poden presentar as partes; e tamén se lle da traslado da proba testifical proposta de oficio, a efectos de que propoñan as súas testemuñas. Ambas partes foron notificadas o 4 de febreiro de 2015, sen que conste que presentaran ningún escrito no prazo outorgado ao efecto.

Por Providencia da Alcaldía de data 12 de febreiro de 2015 admítese a proba testifical proposta de oficio pola administración (un total de trece veciños/as do lugar de maior idade, segundo o informe realizado pola funcionaria responsable do Padrón Municipal de Habitantes o 5 de xaneiro de 2015), sinalando como data de celebración da proba testifical o 19 de febreiro de 2015, acto de trámite que lle foi notificado ás partes o 16 e 17 de febreiro de 2015, respectivamente.

Constan no expediente as citacións a cada unha das testemuñas, así como o resultado das mesmas. As testemuñas citadas foron:

- D^a Dosinda Lema Lema, con enderezo no lugar de Pasarela, 12, Calo
- D^a María Rodríguez García, con enderezo no lugar de Pasarela, 15, Calo
- D^a Carmen Lavandeira Baña, con enderezo no lugar de Pasarela, 23, Calo
- D^a María E. Toja Valiña, con enderezo no lugar de Pasarela, 27, Calo
- D. Francisco Lema Soto, con enderezo no lugar de Pasarela, 29, Calo
- D. José Cernadas Pereira, con enderezo no lugar de Pasarela, 26, Calo
- D^a Amelia Pérez Lema, con enderezo no lugar de Pasarela, 17, Calo
- D. Antonio Alvarelos Novoa, con enderezo no lugar de Pasarela, 19, Calo
- D. Alejandro Sánchez Méndez, con enderezo no lugar de Pasarela, 23, Calo
- D. Cándido Canosa Cernadas, con enderezo no lugar de Pasarela, 18, Calo
- D^a María Claudia Méndez Ordóñez, con enderezo no lugar de Pasarela, 20
- D. Antonio Pose Moreira, con enderezo no lugar de Pasarela, 9, Calo.
- D^a Celia Vidal Soto, con enderezo no lugar de Pasarela, 13, Calo

VI.- Practicada a proba testifical o 19 de febreiro de 2015, levántase acta en proba delo, asinada pola secretaria municipal e a funcionaria D^a. María Teresa Castro Arturo, presente nas actuacións.



O propio 19 de febreiro de 2015, D^a. María Vidal Soto presenta escrito con RE 1351, no que, tras facer alusión á providencia de data 4 de febreiro de 2015, solicita copia das declaracións testificais.

Consta remisión dunha copia da acta e recepción pola interesada o 24 de febreiro de 2015.

VII.- O 4 de marzo de 2015, con RE 1674, D^a. María Vidal Soto presenta escrito de alegacións, propoñendo como medios de proba:

1. Documental (informe pericial de D. Manuel Rodríguez Suárez, reportaxe fotográfico e que se requira aos propietarios da parcela 1229 do polígono 6 que aporten título de propiedade)
2. Testifical de D. Daniel Beiras García-Sabell e once dos trece testigos propostos de oficio pola administración.
3. Pericial de D. Manuel Rodríguez Suárez.

VIII.- Por providencia da Alcaldía de data 9 de marzo de 2015 dispónse a ampliación do período de proba, por un prazo máximo de dez días, no que se practicará o recoñecemento pericial da zona investigada por parte dos técnicos municipais, fixándose o 11 de marzo como data para a práctica da proba. As partes foron notificadas o propio 9 de marzo.

Practicada a proba pericial na data sinalada, levantouse acta pola secretaria en proba delo, que se incorpora ao expediente.

Consta tamén informe emitido o 16 de marzo de 2015 polos técnicos D^a. Bielca González Ramos e D. Evaristo Suárez Corzón, que consta de dúas páxinas e un plano e reportaxe fotográfica (cun total de 14 fotografías).

O 19 de marzo de 2015, con RE 2254, D^a. María Vidal Soto presenta escrito de alegacións, reiterando que se admitan os medios de proba propostos.

IX.- Con data 19 de marzo de 2015, dítese providencia da Alcaldía, dando traslado do expediente completo a esta Secretaría para a emisión de informe.

Na mesma providencia, dispónse a remisión de copia do informe emitido o 16 de marzo de 2015 polos técnicos D^a. Bielca González Ramos e D. Evaristo Suárez Corzón, que consta de dúas páxinas e un plano e reportaxe fotográfica (cun total de 14 fotografías).

O informe-proposta de resolución do expediente foi emitido por esta secretaria o 31 de marzo de 2015. Na mesma data, a Alcaldía ditou proposta de resolución, que lle foi notificada a María Vidal Soto (RS 2543) e a Evaristo Vidal Fuentes (RS 2544) o 1 de abril de 2015, así como á Delegación de Economía e Facenda en Galicia (RS 2540) e a Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (RS2542).

X.- Segundo consta no informe emitido o 17 de abril de 2015 pola funcionaria do Rexistro Municipal, consta a presentación de alegacións por parte de D^a. María Vidal Soto, no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia o 15 de abril de 2015, recibido neste concello o 17 de abril de 2015 con RE 3072.

Asemade, consta escrito do delegado de Economía e Facenda indicando que non efectuarán alegacións ao expediente, recibido o 16 de abril de 2015 (RE 3038); así como do director xeral de Administración Local, acusando recibo, recibido o 17 de abril de 2015 (RE 3070).

XI.- Consta informe da secretaria municipal, de data 17 de abril de 2015, sobre o escrito de alegacións á proposta de resolución, en cumprimento do disposto no artigo 53 do RBEL, que di o seguinte:

>>III.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.-

Primeira.- Sobre as alegacións presentadas por D^a. María Vidal Soto o 17 de abril de 2015, con rexistro de entrada nº 3072.

Básicamente, a Sra. Vidal Soto discrepa da conclusión da proposta de resolución ditada o 31 de marzo de 2015, así como da negativa da administración á práctica dos medios de proba propostos por ela.

Dado que o escrito de alegacións á proposta de resolución reitera os argumentos contidos no anterior escrito presentado o 4 de marzo de 2015, con RE 1674, xa analizados pormenorizadamente no informe emitido pola funcionaria que subscribe o 31 de marzo de 2015, remítome ao citado informe, considerando innecesario volver a analizar cuestións xa informadas.

Obviamente a Sra. Vidal Soto está no seu lexítimo dereito a discrepar do resultado da avaliación da proba proposta, pero a proposta de resolución ditada o 31 de marzo de 2015 está debidamente motivada, dando cumprimento ao disposto no artigo 54.a) da Lei 30/1992, ao estarmos diante dun acto administrativo de trámite, antesala do acordo que poña fin ao expediente de investigación.

Polo tanto, cumpridos os trámites previstos no artigo 52 do RBEL, procede resolver o expediente, tal como indica o artigo 53 do mesmo texto regulamentario: "A resolución do expediente de investigación correspondente ao órgano competente da Corporación, previo informe do Secretario. Se a resolución é favorable, procederase á taxación da finca ou dereito, a súa inclusión no inventariio, e adopción das medidas tendentes á efectividade dos dereitos da Corporación."

De conformidade có previsto no Art. 53 e concordantes do Regulamento de Bens das Entidades Locais, debe elevarse ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Declarar como ben de dominio público, debido ao seu uso público, o camiño no lugar do Ribeiro-Pasarela, parroquia de Calo, coa seguinte descrición:



Linda ó Norte: parcela catastral 1305, e camiño público; Sur: parcela 1229, e camiño público; Este: parcela 1229 e camiño público; Oeste: parcela 1305 e camiño público.

Superficiase o espazo obxecto de investigación e que se propón sexa declarado como ben de dominio público en 21,24 m² o primeiro tramo, sen que poda determinarse a superficie do segundo tramo, polos motivos indicados no informe emitido pola secretaria municipal o 31 de marzo de 2015.

SEGUNDO.- Proceder á taxación deste ben e á súa inscrición no inventario e/ou no Rexistro da Propiedade, xunto cos demais trámites que procedan de acordo co ordenamento xurídico, en concreto: o exercicio das potestades de deslinde e recuperación de oficio.

TERCEIRO.- Notificar este acordo, como acto que pon fin á vía administrativa, ás partes no expediente e tamén á administración central autonómica, con indicación dos recursos que procedan.>>

XII.- O Pleno da Corporación, na sesión do 25 de abril de 2015, acordou declarar como ben de dominio público, debido ao seu uso público, o camiño en cuestión.

XIII.- Interposto recurso contencioso-administrativo contra o citado acordo pola Sra. Vidal Soto, o Xulgado Contencioso-Administrativo n.º 4 da A Coruña ditou sentenza o 08/11/2016 (n.º 215/16), estimando o recurso por caducidade das dilixencias de investigación, ao entender que o prazo de caducidade é de tres meses (art. 42 da Lei 30/1992), ao entender que non existen terceiros interesados que xustifiquen a non apreciación da caducidade. Interposto recurso de apelación polo Concello de Vimianzo, o TSXG, Sala do Contencioso-Administrativo Sección 2ª, ditou sentenza o 02/03/2017 desestimatoria do mesmo. A certificación de ambas sentencias foi recibida o 13 de xuño de 2017 (RE 3664).

II.b) Expediente de investigación incoado polo Pleno o 28 de xullo de 2017.

I.- Por acordo do Pleno de data 28 de xullo de 2017 iniciouse o expediente de investigación dos camiños do Ribeiro, no lugar de Pasarela, parroquia de Calo, motivado por un escrito de denuncia presentado o 9 de xaneiro de 2012 (RE 107) asinado por 31 veciños.

Considerando o disposto no art. 95.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,, acordouse incorporar a este novo expediente os actos e trámites cuxo contido se tería mantido igual de non producirse a caducidade, cales son (a numeración é a correspondente ao expediente remitido ao xulgado):

- 1.- Escrito de denuncia asinado por 31 veciños de usurpación de camiño público no lugar do Ribeiro- Pasarela, presentado o 09/01/2012 con RE 107 (folio 1).
- 2.- Reportaxe fotográfica da Policía local realizada o 12/01/2012 (folios 2 a 5).
- 3.- Consultas Catastro parcelas 1228, 1305, 1230 e 1229 do polígono 5 de data 07/03/2012 (folios 6 a 9).
- 4.- Informe do arquitecto municipal de data 13/04/2012, que consta dunha páxina, plano catastral, plano do 1991 de San Xoán de Calo, e documento privado (folios 10 a 17).
- 5.- Informe emitido pola Secretaria municipal o 07/05/2012 (folios 18 a 20).
- 6.- Información remitida polo Arquivo do Reino de Galicia con RE 5860/2012 (folios 24 a 26).
- 7.- Contestación do Ministerio do Fomento con RE 6651/12 (folio 29).
- 8.- Documentación aportada por Dª. María Vidal Soto respecto da finca 1305, con RE 8473/12 (folios 34 a 41).
- 9.- Documentación aportada por Dª. María Celia Lema Álvarez respecto da finca nº 1230, con RE 8637/12 (folios 42 a 45).
- 10.- Informe técnico emitido por D. Daniel Beiras García-Sabell, arquitecto do Servizo de Urbanismo deste concello, en data 09/07/2012 (folio 46).
- 11.- Remisión certificación por parte do Arquivo do Reino de Galicia, con RE 10132/14 (folios 125 a 128).
- 12.- Dilixencia da secretaria municipal, de data 05/01/15, incorporando documentos ao expediente (folios 130 a 136).
- 13.- Informe emitido pola funcionaria responsable do Padrón de habitantes, de data 03/02/2015 (folio 137).
- 14.- Acta práctica proba testifical, e copias cotexadas DNI testemuñas (folio 161 a 175).
- 15.- Acta da proba de recoñecemento pericial, de data 11/03/2015 (folio 207).
- 16.- Informe pericial emitido polos técnicos municipais o 16/03/2015 (folios 208 e 209).

O acordo foi publicado no BOP nº 147 do 4 de agosto de 2017, e notificado individualmente a María Vidal Soto e Evaristo Vidal Fuentes.



II.- D^a. María Vidal Soto presentou escrito de alegacións o 17 de agosto do 2017, con RE 4984, no que solicita que se unan ao expediente os documentos indicados na alegación quinta, así como a práctica da proba testifical de Cesáreo Rey Bertoa, Esperanza Vidal Soto e José Luis Tajés Rodríguez, con petición expresa que a mesma se realice a principios do mes de setembro.

III.- Por providencia da Alcaldía de data 7 de setembro de 2017 resolveuse sobre a proba proposta, admitindo a documental e sinalando a práctica da testifical para o 14 de setembro de 2017. Realizada a proba, procede a súa valoración por parte dos servizos da Corporación e a posta de manifesto do expediente (art. 52 do RBEL), por un prazo mínimo de dez días hábiles.

IV.- A instrutora ditou proposta de resolución o 25 de setembro de 2017, que lle foi notificada ás partes o 26 de setembro de 2017 (RS 3364 e 3365).

V.- O Pleno acordou ampliar o prazo para resolver o expediente de investigación na sesión do 29 de setembro de 2017, que lle foi notificada ás partes o 4 e 5 de outubro de 2017 (RS 3464).

VI.- Con data 9 de outubro de 2017 D^a. María Vida Soto presenta tres escritos:

- RE 6197: solicita ampliar o expediente de investigación ao camiño que linda coa parcela 1230 de Celia Lema Álvarez;
- RE 6198: solicita coñecer o estado de tramitación da denuncia presentada en xullo de 2015 pola construción de Evaristo Vidal Fuentes;
- RE 6199: alegacións á proposta de resolución.

VII.- Consta informe emitido polo avogado D. Óscar R. Rodríguez Insúa en data 16 de outubro de 2017, con RE 6340, que se transcribe literalmente:

“Vimianzo, 13 de outubro de 2017.

ASUNTO: Informe xurídico sobre as alegacións efectuadas por dona María Vidal Soto, con data 5 de outubro de 2017, no expediente de investigación dos camiños do Ribeiro en Pasarela.

A petición do Concello de Vimianzo, o letrado que subscribe, en relación co asunto antes referido, elabora o presente **INFORME**.

PRIMEIRO.- O artigo 4 da Lei de Bases de Réxime local da cobertura legal ao artigo 45 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 1372/1986, que establece que as Corporacións Locais teñen a facultade de investigar a situación dos bens e dereitos que se presuman da súa propiedade, sempre que esta non conste a fin de determinar a titularidade dos mesmos. É unha das chamadas potestades exorbitantes do réxime xurídico dos bens da Administración caracterizado pola autotutela, pero non pode alterar nin o dereito de propiedade nin tampouco a posesión definitiva dos bens.

A xurisprudencia ten declarado de modo reiterado que a Administración ao exercitar estas medidas de protección nin prexulga nin decide sobre a natureza e definitiva pertenza demanial e posesoria dos bens recuperados, aspectos este último reservado aos Tribunais ordinarios (sentenzas do Tribunal Supremo de 6 de marzo de 1992 e 9 de maio de 1997).

Dita potestade ten por obxecto pescudar a situación de aqueles bens cuxa titularidade non consta, pero existen indicios de que puideran corresponder á Entidade Local e que supoñen un conxunto de actuacións encamiñadas a esclarecer, na esfera interna da propia Administración, a eventual titularidade pública de determinados bens como trámite ou presuposto previo ao resto das potestades (deslinde, recuperación de oficio, etc.). Así, a sentenza do Tribunal Supremo de 10 de decembro de 2.001 establece ao respecto que *"el Reglamento otorga potestades para la investigación y recuperación de los bienes desprendiéndose del mismo que los municipios pueden declarar su titularidad sin perjuicio de que los particulares que se entiendan perjudicados puedan recurrir ante la jurisdicción civil"*.

O artigo 55, apartados primeiro e segundo, do Regulamento de Bens das Corporacións Locais, establece que o coñecemento das cuestións de natureza civil que se susciten con ocasión da investigación practicada corresponderalle á xurisdición ordinaria, e que os afectados pola resolución do expediente de investigación poderán impugnalas en vía contencioso-administrativa; polo que tendo en conta o carácter declarativo do acordo resolutorio, admite unha dobre impugnación: os actos administrativos son susceptibles de recurso Contencioso-Administrativo, mentres que as cuestións de titularidade exorpanse antes os Tribunais Cívís. A sentenza do Tribunal Supremo de 12 de decembro de 1989 interpreta dito precepto querendo dicir que na vía contenciosa poden impugnarse as infraccións do procedemento, as cuestións administrativas expostas na resolución e nos actos de trámite si imposibilitan continuar o procedemento; e a xurisdición civil será a competente nas cuestións desta natureza contidas na resolución (declaracións de titularidade e as de contido conexo ou complementarias coa mesma).

SEGUNDO.- Dona María Vidal Souto, no seu escrito de alegacións de data 5 de outubro de 2017 nega que no expediente de investigación de oficio se respectaran as disposicións regulamentarias polas que se rexe, aínda que non concreta, de ningún modo, cales foron esas supostas infraccións do procedemento; nega a existencia de indicios que xustifiquen a investigación levada a cabo polo Concello de Vimianzo; concluíndo que *"non pode determinarse que o uso do sector investigado no expediente declarado caducado sexa público"* (sic).

TERCEIRO.- No expediente de investigación do camiño público do Ribeiro, en Pasarela, constatouse a través das probas documentais, testificais e periciais que obran no expediente.



Dona María Vidal Soto pretende discutir a validez e eficacia probatoria da proba testifical, alegando ao respecto que “las razones que se indican en la resolución recurrida para no dar credibilidad a los testimonios de los testigos propuestos por esta parte, deberían también tenerse en cuenta para no dar credibilidad al resto de los testigos que han depurado en el expediente, porque todos ellos, o bien son familia de los propietarios de la finca colindante, o bien, firman el escrito de denuncia”.

Pois ben, basta con ver as declaracións das testemuñas para comprobar que o alegado por dona María Vidal Soto non é certo, xa que ningunha das testemuñas que prestaron declaración o 19 de febreiro de 2015 garda relación de parentesco algunha con ningunha das partes, sendo a súa práctica totalidade persoas de moi avanzada idade que viviron a maior parte da súa vida en Pasarela.

Pois ben, todas esas testemuñas identificaron perfectamente a zona obxecto de investigación (o espazo situado entre as propiedades de María Vidal Soto (parcela catastral 1305) e a de Evaristo Vidal Fuentes (parcela catastral 1229), espazo que actualmente se atopa tapiado, e coincidiron en que se trataba dun camiño de a pe de uso público, que podía usar calquera veciño que quixera pasar, sendo rotundos no feito de que foi camiño toda a vida para quen quixera pasar por el, tendo precisado que era máis ancho na súa entrada (noroeste) que na saída (suroeste), ata o punto que algunha testemuña manifestou que un carro podería entrar, pero non saír, e chegando a recoñecerlle dona María Vidal Soto á testemuña don José Cernadas Pereira o carácter público deste camiño.

Porén, este letrado non pode máis que coincidir coa conclusión á que chegou a Instrutora do expediente, debendo darlle moita máis credibilidade á versión que deron todas esas testemuñas, que a versión que deron as únicas tres testemuñas que presentou dona María Vidal Soto, xa que dous deles son familiares directos dela, e o outro tivo unha relación laboral coa mesma.

A proba documental e a pericial tamén corroboran a existencia de claros indicios dun camiño público na zona investigada, facéndose constar a súa existencia en diversos documentos, e incluso se reflexa nos testamentos dos causahabientes de dona María Vidal Soto, nos que se fai constar que a vivenda da mesma linda co camiño público.

E, en canto á proba pericial, o arquitecto do Servizo de Urbanismo do Concello de Vimianzo, D. Daniel Beiras García-Sabell, emitiu informe con data 9 de xullo de 2013, no que establece:

1. Os nomeados camiños do Ribeiro, ao igual que outros moitos camiños do núcleo de Pasarela, non constan graficamente na documentación aportada ao expediente polas diferentes administracións consultadas.

2. Nas escrituras aportadas polos propietarios das parcelas afectadas aparecen dúas referencias escritas a un camiño de “a pe”.

Concretamente a escritura de venda de 29/01/1922 referida á parcela que ten actualmente o número 1229 recolle con claridade un camiño de “a pe” no seu lindeiro oeste, que na actualidade a separa da parcela 1305 identificada na escritura como dos herdeiros de D. Pedro Vidal.

Na escritura de 29/03/1973 aportada pola propiedade da parcela 1230 descríbese un lote formado por dúas hortas contiguas á casa situada nesta parcela separadas por un camiño de a pe cuxo trazado non se identifica.

Por último na escritura datada en 27/05/1987 de testamento de D. Fermín Vidal Baña outorgando a D^a María Vidal Soto a parcela nº 1305, identificada como “A CASA” a pesar de indicar camiño público en tres dos seus catro lindeiros non fica claro a que paredes se refire, dada a inclinación do edificio na súa orientación.

3. Existen na realidade física das parcelas e edificacións existentes indicios claros da existencia dun camiño público. Concretamente un espazo aberto entre as edificacións das parcelas catastrais 1305 e 1229 e unha edificación tradicional situada na parcela 1229 vertendo augas á que sería a fronte do camiño público.

4. Estes indicios apóianse tamén na testemuña dun grupo de veciños asinantes da petición incorporada ao expediente. 5. Realizouse unha actuación de peches recente incompatible co planeamento vixente ao incumplir cos recuados mínimos sinalados nas NNSS de Vimianzo, que supuxo o tapiado con pedra do espazo aberto antes mencionado (punto 3) na parte sueste da parcela, e da saída superior do suposto camiño na parte nordés da parcela.

Dos datos ata aquí descritos, pódese deducir a traza dun dos nomeados camiños do Ribeiro que discorre entre as parcelas catastrais 1305 e 1229.

Este camiño foi recentemente tapiado nunha actuación que non respectou os recuados a eixo do camiño dispostos nas NNSS do concello de Vimianzo.

Polo que compre instar á reposición da legalidade urbanística e con ela á apertura do camiño descrito.

O devandito informe pericial do Sr. Beiras García-Sabell foi confirmado polos servizos técnicos do concello que, con data 16 de marzo de 2015, emitiron un novo informe no que se contén unha descrición pormenorizada da zona investigada, detallando a anchura do camiño máis o seu trazado no seu primeiro tramo, resultando máis difícil a súa delimitación no seu segundo tramo, debido a falta de documentación gráfica que reflecta a situación anterior ao peche do espazo por dona María Vidal Soto, unido a que a zona foi reenchida, polo que deberá ser obxecto dun expediente de deslinde, unha vez concluído o expediente de investigación.



Pola contra, no expediente administrativo non consta ningunha proba contundente que acredite o suposto carácter privado que pretende soste don María Vidal Soto sobre ese espazo que, desde o seu peche ao uso público, incorporou á súa posesión privada.

Porén, o expediente de investigación obxecto da Litis non adolece de ningún vicio de nulidade ou anulabilidade, como se afirma por don María Vidal Soto, xa que foi tramitado seguindo o procedemento establecido no Regulamento de Bens das Entidades Locais, e tras practicarse as dilixencias e averiguacións previas, púidose constatar a existencia de indicios que xustifican que o Concello de Vimianzo cumpra coa súa obriga de investigar a existencia dun camiño público que puido ser usurpado por don María Vidal Soto.

CONCLUSIÓN: Debe desestimarse integramente as alegacións efectuadas por don María Vidal Soto, debendo declararse como ben de dominio público, ao tratarse dun camiño de uso público, a zona obxecto de investigación.

Este é o meu criterio que así expreso, según o meu leal saber e entender, suxeito a mellor criterio fundado en dereito.

Fdo.:

Lcdo.: Óscar Ramón Rodríguez Insua”

VIII.- O Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria celebrada o 25 de outubro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Rexeitar a petición de D^a. María Vidal Soto en relación á ampliación do presente expediente de investigación a outro camiño da zona, posto que xa concluíu a fase de instrución e procede resolver o presente expediente. A súa petición será obxecto, se procede, doutro expediente independente.

SEGUNDO.- Declarar como ben de dominio público, debido ao seu uso público, o camiño no lugar do Ribeiro-Pasarela, parroquia de Calo, coa seguinte descrición:

Linda ó Norte: parcela catastral 1305, e camiño público; Sur: parcela 1229, e camiño público; Este: parcela 1229 e camiño público; Oeste: parcela 1305 e camiño público.

Superfíciase o espazo obxecto de investigación e que se propón sexa declarado como ben de dominio público en 21,24 m² o primeiro tramo, sen que poda determinarse a superficie do segundo tramo, polos motivos indicados no informe emitido pola secretaria municipal o 31 de marzo de 2015.

TERCEIRO.- Proceder á taxación deste ben e á súa inscrición no inventario e/ou no Rexistro da Propiedade, xunto cos demais trámites que procedan de acordo co ordenamento xurídico, en concreto: o exercicio das potestades de deslinde e recuperación de oficio.

CUARTO.- Notificar este acordo, como acto que pon fin á vía administrativa, ás partes no expediente e tamén á administración central autonómica, con indicación dos recursos que procedan.”

Notificado o acordo aos interesados, D^a. María Vidal Soto interpuxo contra o mesmo recurso de reposición o 24 de novembro de 2017, con RE 7328.

Remitido o expediente ao asesor xurídico, D. Óscar R. Rodríguez Insúa, consta informe emitido o 5 de decembro de 2017, con RE 7583, que se transcribe literalmente:

“A petición do Concello de Vimianzo, o letrado que subscribe, en relación co asunto antes referido, elabora o presente **INFORME**.

PRIMEIRO.- A recorrente xa afirmara nos seus anteriores escritos que o expediente adoece de graves defectos de tramitación, pero sin indicar cales eran. É agora, no seu recurso de reposición, cando concreta cales son eses graves defectos de tramitación, que so concreta na omisión do requisito do artigo 47 RBEL, isto é, o anticipo por parte dos denunciante dos gastos na contía que se estime necesaria, que non poderá ser inferior a 10.000 pesetas nin exceder de 100.000, debendo o Concello detallar os gastos efectuados e devolver, no seu caso, o sobrante, obviando a parte recorrente que a falta de anticipo dos devanditos gastos non pode ser considerado como un defecto grave que vicie de nulidade ou anulabilidade ao expediente, e máxime cando ningunha indefensión lle causa á parte recorrente.

Invócase, a respecto, a **sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Castela e León de 22 de xullo de 2005** que, á súa vez, fai referencia á **sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Cantabria de 11 de xuño de 1997**: “**TERCERO-** Y en primer lugar y planteados así los términos del debate y con relación a la falta de ratificación de la denuncia y de no haberse exigido a los denunciante el adelanto de los gastos, conforme establece el artículo 47 del Reglamento de Bienes de las Corporaciones Locales, hemos de significar que además de referirse dicho requisito a la potestad de investigación y no de recuperación, como la que nos ocupa, como señala la sentencia de 11 de julio de 1997, del Tribunal Superior de Justicia de Cantabria de la que fue Ponente Don César Tolosa Triviño, no estamos ante un defecto invalidante, así se indica en la misma, que: JURISPRUDENCIA 4 “El recurrente aduce como la primera de las infracciones formales, la falta de anticipo del importe de los gastos en la cuantía estimada necesaria (art. 47 del Reglamento de Bienes), requisito para la admisión de la denuncia presentada por los particulares. Esta figura de fianza encubierta, trata de prevenir un uso abusivo por los particulares de la posibilidad de denuncia que el Reglamento de Bienes les confiere, pero su falta de exigencia no puede constituirse en un requisito impeditivo de la obligación de las Corporaciones Locales de preservar su patrimonio conforme al art. 9.2, ni constituirse en causa de nulidad del procedimiento.””



SEGUNDO.- A parte recorrente cuestiona a competencia do Pleno do Concello para tramitar e resolver o expediente de investigación, pero sin motivar de ningún modo esa suposta falta de competencia, e sin explicar a quen lle correspondería dita competencia.

A xuízo deste Letrado, o Pleno do Concello de Vimianzo é o competente para tramitar e resolver o expediente de investigación, de conformidade co previsto nos artigos 22.2.j da LRBRL e 53 do RBEL, e sin prexuízo de que dita competencia o Pleno a poda delegar no Alcalde e na Xunta de Goberno Local.

TERCEIRO.- A parte recorrente continúa a negar a existencia de indicios que xustifiquen a investigación levada a cabo polo Concello de Vimianzo.

Así, pretende negar a credibilidade das declaracións testificais que se practicaron no expediente, aducindo para ilo que todos son familiares dos propietarios da finca colindante ou ben teñen enemizade manifesta con María Vidal Soto polo simple feito de seren denunciante, o que resulta ser falso, xa que:

a) Ningunha é familiar dos propietarios da finca colindante, salvo as testemuñas que presentou María Vidal Soto, isto é, Esperanza Vidal Soto e José Luís Tajés Rodríguez, que son irmá e cuñado de María Vidal Soto.

b) Ningunha das testemuñas que declarou o 19 de febreiro de 2015 foi denunciante no expediente de investigación de oficio.

c) Ningún das testemuñas ten inimizade manifesta con María Vidal Soto.

O certo é que declararon de modo unánime todas as testemuñas, todas elas de idade avanzada e veciñas da aldea de Pasarela, identificando perfectamente a zona obxecto de investigación (o espazo situado entre as propiedades de María Vidal Soto (parcela catastral 1305) e a de Evaristo Vidal Fuentes (parcela catastral 1229), espazo que actualmente se atopa tapiado, e coincidiron en que se trataba dun camiño de a pe de uso público, que podía usar calquera veciño que quixera pasar, sendo rotundos no feito de que foi camiño toda a vida para quen quixera pasar por el, tendo precisado que era máis ancho na súa entrada (noreste) que na saída (suroeste), ata o punto que algunha testemuña manifestou que un carro podería entrar, pero non saír, e chegando a recoñecerlle dona María Vidal Soto á testemuña don José Cernadas Pereira o carácter público deste camiño.

Pola contra, María Vidal Soto so puido atopar en todo o lugar de Pasarela a tres testemuñas que resultan ser o seu irmá; o seu cuñado; e a Cesáreo Rey Bértoa, quen manifestou na súa declaración que tivo unha relación laboral coa familia de María Vidal Soto. Esta, no seu recurso de reposición, afirma que “no es cierto, como se afirma, que don Cesáreo hubiese tenido relación laboral con la exponente”, afirmando polo tanto que o seu propio testigo está a mentir, polo que non pode agora reprochar que a instrutora do procedemento lle dera máis credibilidade ao resto dos veciños de Pasarela que aos tres testigos propostos por ela, e máxime cando ademais da proba testifical, tamén se levou a cabo proba documental e pericial que permitiu corroborar a existencia de claros indicios dun camiño público na zona investigada, así como a súa identificación sobre o terreo e sin que, pola contra, a recorrente acreditara no expediente o suposto carácter privado dese espazo que, desde o seu peche ao uso público, incorporou á súa posesión privada.

Porén, o expediente de investigación obxecto da Litis non adoece de ningún vicio de nulidade ou anulabilidade, como se afirma por dona María Vidal Soto, xa que foi tramitado seguindo o procedemento establecido no Regulamento de Bens das Entidades Locais, e tras practicarse as dilixencias e averiguacións previas, púidose constatar a existencia de indicios que xustifican que o Concello de Vimianzo cumpra coa súa obriga de investigar a existencia dun camiño público que puido ser usurpado por dona María Vidal Soto.

CONCLUSIÓNS: Debe desestimarse integramente o recurso de reposición efectuado por dona María Vidal Soto, debendo declararse como ben de dominio público, ao tratarse dun camiño de uso público, a zona obxecto de investigación.

Este é o meu criterio que así expreso, según o meu leal saber e entender, suxeito a mellor criterio fundado en dereito.”

No uso das facultades que me confire a normativa vixente, e de conformidade có previsto no Art. 53 e concordantes do Regulamento de Bens das Entidades Locais, elevo ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Desestimar íntegramente o recurso de reposición presentado por D^a. María Vidal Soto contra o acordo plenario adoptado na sesión extraordinaria celebrada o 25 de outubro de 2017, polos motivos expostos no informe emitido polo asesor xurídico Sr. Rodríguez Insúa o 5 de decembro de 2017, que consta transcrito na parte expositiva e serve de motivación ao presente acordo segundo o establecido no art. 35 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de



procedemento administrativo común das Administracións Públicas. En consecuencia, confírmase íntegramente o acordo recorrido, por ser conforme a dereito.

SEGUNDO.- Declarar como ben de dominio público, debido ao seu uso público, o camiño no lugar do Ribeiro-Pasarela, parroquia de Calo, coa seguinte descrición:

Linda ó Norte: parcela catastral 1305, e camiño público; Sur: parcela 1229, e camiño público; Este: parcela 1229 e camiño público; Oeste: parcela 1305 e camiño público.

Superfíciase o espazo obxecto de investigación e que se propón sexa declarado como ben de dominio público en 21,24 m² o primeiro tramo, sen que poda determinarse a superficie do segundo tramo, polos motivos indicados no informe emitido pola secretaria municipal o 31 de marzo de 2015.

TERCEIRO.- Proceder á taxación deste ben e á súa inscrición no inventario e/ou no Rexistro da Propiedade, xunto cos demais trámites que procedan de acordo co ordenamento xurídico, en concreto: o exercicio das potestades de deslinde e recuperación de oficio.

CUARTO.- Notificar este acordo, como acto que pon fin á vía administrativa, ás partes no expediente e tamén á administración central autonómica, con indicación dos recursos que procedan.

Vimianzo, a 15 de xaneiro de 2018
O alcalde

Manuel Antelo Pazos”

A Sra. Mouzo Maceiras di que está dacordo coa desestimación do recurso.

Os concelleiros de PP, TEGA e IxV declinan intervir neste punto.

O alcalde explica que se trata dun expediente que xa foi resolto polo Pleno, pero a interesada presentou recurso de reposición e procede resolvelo dacordo co informe xurídico emitido.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por nove votos a favor de Adiante Vimianzo a Sra. Mouzo Maceiras, catro abstencións de IxV, Sra. Rodríguez Amigo e Sr. Rodríguez Blanco, e ningún voto en contra, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

4º. Ampliación do prazo para resolver o expediente de investigación sobre o camiño de Reboredo.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 17 de xaneiro de 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais reunida o 23 de xaneiro de 2018, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: ampliación do prazo para resolver o expediente de investigación sobre o camiño de Reboredo.

Visto que por acordo do Pleno de data 17 de novembro de 2017 iniciouse o expediente de investigación dos camiños de Reboredo. O acordo foi publicado no BOP nº 223 do 23 de novembro de 2017, e notificado individualmente aos colindantes.

Dª. María Isabel Lavandeira Regueira presentou escrito de alegacións o 1 de decembro do 2017, con RE 7494, e formulouse proposta de resolución o 8 de xaneiro de 2018, outorgando un prazo de audiencia de dez (10) días hábiles



aos interesados. A última notificación practicouse o 10 de xaneiro, polo tanto o prazo de audiencia remata o 24 de xaneiro, o que impide levar este asunto ao pleno ordinario de xaneiro, segundo indica a instrutora.

Tendo en conta que o prazo para resolver o expediente (tres meses) remata o 17 de febreiro de 2018, considerase conveniente a súa ampliación, por un prazo de un mes e medio máis, ata o 1 de abril de 2018, a efectos de que se podan realizar todos os trámites que sexan necesarios para adoptar a resolución pertinente.

Considerando o disposto no artigo 23 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, respecto da ampliación do prazo para resolver, que dispón:

*"1. Excepcionalmente, cuando se hayan adoptado los medios personales y materiales disponibles a los que se refiere el apartado 5 del artículo 21, el órgano competente para resolver, a propuesta, en su caso, del órgano instructor o el superior jerárquico del órgano competente para resolver, podrá acordar de manera motivada la ampliación del plazo máximo de resolución y notificación, no pudiendo ser éste superior al establecido para la tramitación del procedimiento.
2. Contra el acuerdo que resuelva sobre la ampliación de plazos, que deberá ser notificado a los interesados, no cabrá recurso alguno."*

Vista a solicitude da instrutora presentada o 16 de xaneiro de 2018 con RE 291/18:

"(...) A ampliación do prazo para resolver o expediente de investigación dos camiños do Reboredo, que tería que estar resolto e notificado o 17 de febreiro de 2018, por un prazo de un mes e medio máis, ata o 1 de abril de 2018."

Considerando o disposto no artigo 23 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, respecto da ampliación do prazo para resolver.

Tendo en conta o anteriormente exposto, proponse ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Ampliar o prazo para resolver o expediente de investigación do camiño de Reboredo, que tería que estar resolto e notificado o 17 de febreiro de 2018, por un prazo de un mes e medio máis, ata o 1 de abril de 2018, polos motivos expostos na solicitude con RE 291/18 formulada pola instrutora do expediente.

Segundo.- Dar traslado dunha certificación deste acordo á instrutora do expediente, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos interesados, con indicación de que contra o mesmo non cabe recurso algún, ao abeiro do disposto no artigo 23.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Vimianzo, 17 de xaneiro de 2018

O alcalde

Manuel Antelo Pazos"

O alcalde explica que é unha petición da instrutora, como xa aconteceu no expediente dos camiños do Ribeeiro. Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

5º. Rectificación de erro material nas NSV/1994.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 17 de xaneiro de 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Obras e Urbanismo reunida o 23 de xaneiro de 2018, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Rectificación de erro material nas NSV/1994 respecto da compatibilidade da actividade "estación de servizo e repostado de combustible" co uso comercial propio da ordenanza URLI.



Con motivo da comunicación previa para instalación dunha ponte lavado na gasoleira situada na rúa Torre núm. 8, presentada por Galuresa S.A., emítase informe desfavorable pola técnica de obras e urbanismo o 10/05/2017 e iníciase expediente de declaración de ineficacia por Resolución da Alcaldía núm. 475/2017. Contra mesma o interesado presenta recurso de reposición. Emítase informe técnico o 11/06/2017 que conclúe a desestimación do recurso porque a parcela na que se ubica a estación de servizo está clasificada polas NSP como solo urbano residencial de edificación plurifamiliar en liña (URLI 3), e os usos permitidos son os comerciais nas categorías 1ª, 2ª, 3ª e 4ª, de xeito que **“O uso comercial nas categorías anteriores non permiten unha actividade destinada a estación de servizo e depósito de combustible. As NSP recollen dita actividade só na categoría 5ª do uso “Garaxe, aparcadoiro e servizos do automóbil” que non consta entre as contempladas na ordenanza URLI, polo que a estación de servizo con é compatible coa dita ordenanza.”**

Solicitouse informe ao Servizo de Asistencia Técnica a Municipios da Deputación da Coruña, que emitiu informe o 15/12/2017 no que, tras analizar o expediente, sinala:

“5.4. Tramitación do expediente

Do teor literal da redacción da normativa das NSV/1994 (...) dedúcese que a ordenanza URLI non contempla o uso garaxe, aparcamento e servizos do automóbil en 5ª categoría, relativa a “estacións de servizo e repostado de combustible”. Nas NSV/1994 este uso só se recolle nas ordenanzas URTA (solo urbano residencial e terciario en edificación aberta) e URFE (solo urbano residencial de vivenda familiar en edificación adxectiva).

Neste sentido pronunciouse a técnica de obras e urbanismo do Concello que, don data 10.05.2017, emitiu informe técnico municipal desfavorable (...).

O recurso de reposición do interesado efectúa unha primeira consideración relativa a que a ordenanza URLI de aplicación á parcela permite o uso comercial e que, en consecuencia, a estación de servizo é un uso permitido conforme ao establecido no artigo 43.2 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos; así como tamén se deduce ese resultado da aplicación do artigo 3 do RDL 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos: (...). Asimesmo, o interesado alega nunha segunda consideración que as NSV/1994, ao regular o uso de “garaxe, aparcamento e servizos do automóbil”, permite expresamente que en aqueles casos nos que exista ese uso e que non se prohiba expresamente, será posible incorporar “servizos de lavado” (...).

5.5. - Axuste da estación de servizo á ordenación das NSV/1994

A licenza da estación de servizo obxecto deste informe data 1965 e a instalación estivo en funcionamento desde entón.

As NSV/1994 non inclúen na súa ordenanza URLI o uso de garaxe, aparcamento e servizos do automóbil en 5ª categoría, referente a “(...) estacións de servizo e repostado de combustible (...)”, pero que este uso non estea recollido explicitamente na ordenanza non parece implicar que se trate dun uso expresamente prohibido.

En primeiro lugar, a estación de servizo foi construída legalmente con anterioridade á aprobación das NSV/1994 e non se considerou en ningún momento un uso incompatible cos propios desa zona residencial; de tal modo que nin se sinalou unha suposta incompatibilidade antes da aprobación do vixente planeamento municipal no ano 1994, nin se procedeu con posterioridade á necesaria clausura da súa actividade no caso de considerarse o referido suposto cando entrou en vigor ese planeamento.

Cómpre destacar, ademais, que nos anos 1994 e 2006 o Concello concedeu sendas licenzas para a ampliación da gasoleira existente e para a modernización das súas instalacións.

Todas anteriores circunstancias resultan congruentes coa entendida consideración que se ten sobre esta actividade na maioría dos instrumentos de ordenación urbanística, no sentido de entendela como perfectamente compatible cos usos urbanos en xeral e co residencial e característico en particular.

É dicir, a falta de referencia das NSV/1994 a este respecto estaría debida a unha deficiente formulación, imprecisión ou erro material.

Conforme ao disposto no art. 109.2 da L 30/2015, co obxecto de acadar unha mínima seguridade xurídica, tal situación podería ser corrixida, mediante acordo interpretativo no referido sentido positivo polo Pleno municipal; baseándose nos preceptivos informes técnicos e xurídicos municipais, con posterior publicación nos diarios oficiais e traslado á Consellería competente na materia urbanística para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Non obstante resulta obvio que, para conseguir a máxima seguridade xurídica, a mellor solución consistiría en formar a consecuente modificación puntual no planeamento ao respecto.



Ademais non cabe ignorar que, como alega o recorrente e segundo se desprende dos razoamentos do informe técnico municipal, a actividade que se cuestiona non sería a ponte de lavado en proxecto, senón máis ben a estación de servizo existente.

En todo caso, a lexislación sectorial posterior en materia de hidrocarburos derogou todo precepto de igual ou inferior rango que se opuña ás súas disposicións, anulación que afectaría a toda limitación que puidese entenderse establecida polas NSV/1994 para o exercicio da actividade de estación de servizo nas zonas onde se admite un uso comercial; como sucede precisamente na parcela regulada pola ordenanza URLI que nos ocupa, onde resulta factible o establecemento de distintas categorías de actividade comercial.

Conforme ao sinalado nos parágrafos anteriores, as obras de ampliación da estación de servizo cunha ponte de lavado parece que serían autorizables, coas garantías de seguridade xurídica indicadas e seguindo os procedementos administrativos que corresponden.

(...) CONCLUSIÓNS

Primeira: axusta da estación de servizo á ordenación urbanística

Salvando as incoherencias ou erros materiais das NSV/1994, mediante acordo interpretativo do Pleno municipal ou modificación de planeamento, a actividade de estación de servizo podería entenderse compatible cos usos propios do solo urbano onde se empraza."

Visto o informe favorable emitido pola técnica de urbanismo e obras e a secretaria municipal o 16 de xaneiro de 2018. De conformidade co procedemento establecido no art. 60 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, veño en elevar ó Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Obras, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

Primeiro.- Rectificar o erro material detectado nas NSV/1994, considerando a actividade "estación de servizo e repostado de combustible" como unha actividade compatible co uso comercial propio da ordenanza URLI.

Segundo.- A rectificación deste erro tramitarase conforme ao disposto no art. 60 da Lei 2/2016, do solo de Galicia no que respecta ao réxime competencial e trámite de exposición pública: acordo inicial adoptado polo Pleno da Corporación, información pública polo prazo de dous meses, aprobación provisional polo Pleno da Corporación e aprobación definitiva pola administración autonómica.

Terceiro.- Abrir un período de información pública durante un prazo de dous meses, mediante a inserción de anuncio no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Durante este período quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes.

Vimianzo, 17 de xaneiro de 2018

O alcalde

Manuel Antelo Pazos"

O alcalde explica que a raíz do cambio de titularidade da gasoleira presentaron unha comunicación previa para ampliar cun túnel de lavado e detectaron que as Normas Subsidiarias non contemplan esa actividade nesa zona. Pediron informe á Deputación e o informe conclúe que debe ser un erro. A gasoleira leva 50 anos aberta e as Normas son posteriores e pola razón que sexa non aparece ese uso, e o que se trata con este acordo é emendar ese erro.

A concelleira do PSOE pregunta se o alcalde faría o mesmo se a gasoleira fora dela. Gustaríalle que o goberno actuase igual para todos e este tipo de propostas abranguese máis sectores.

A concelleira do PP di que lle parece ben que queira conservar a gasoleira, e nese caso hai vontade política e o goberno móvese. Preocúpalle que se interprete a normativa, que nesta cuestión é clara ao respecto e non permite ese uso. Cualifica de "informe a medida" o feito pola Deputación, e di que ese informe fala de acordo interpretativo ou doutra opción mellor: modificación puntual. Considera que debe tramitarse unha modificación puntual, porque este proceder deixa a porta aberta a considerar erros materiais prohibicións que non o son. Neste caso vese o dobre raseiro do goberno e pide que conste en acta que está a favor de que a gasoleira continúe aberta. Quere que se siga o mesmo criterio con outras empresas que quixeron ampliar as súas naves e non puideron e tiveron que marchar para outro concello.

O concelleiro de TEGA di que pode ser que non teñan razón e que haxa que pechar a gasoleira. Insta ao alcalde a facer un PXOM e así evitar moitos problemas. Cando foron a APLU di que a idea para salvar a casa de Evaristo era montar unha granxa de ovellas. Pídelle ao alcalde que tome en serio estes temas.



A Sra. Rodríguez Ordóñez felicita ao alcalde e espera que o que acaba de dicir hoxe e o que dixo na comisión o martes o traslade ao 90% dos expedientes que tramite urbanismo. Á vista do problema, buscou asistencia na Deputación e fixo moi ben. Di que non todos os veciños son Galuresa, pero son veciños, e nas actas das xuntas de goberno só se ven arquivos de licenzas, motivados pola burocracia e por non ser da mesma cor política que o alcalde. Denuncia que se arquiva o expediente, se devolve o ICIO pero non se pecha o local, e o alcalde manda á Deputación e a David Estany os expedientes que el quere. Pide que trate a todos por igual.

O alcalde di que menos mal que o felicita. Pide tranquilidade e falar en concreto e non cara un espello. Di que os expedientes se arquivan porque están incompletos e levan tempo sen que se subsane a documentación. Afirmo que neste momento se están resolvendo moi ben os expedientes urbanísticos, e anuncia que nos vindeiros días unha grande empresa obterá unha licenza para unha nave no parque empresarial. Gustaríalle facer un PXOM pero custa moitos cartos e as modificacións puntuais resolven moitos problemas. Nos núcleos rurais o 90% das vivendas estaban fóra de ordenación e agora xa non grazas á MP4; e coa MP5 están resolvendo problemas de baixos que exceden o fondo máximo, e hoxe a Deputación remitiu a MP6 e luns vaiselle dar trámite. Neste expediente a Deputación fixo un informe e plantexou dúas solucións, e acolleron unha. Non sabe que relación pode ter como alcalde cos donos da gasoleira. Lembra que o concelleiro de TEGA foi responsable de urbanismo do 2007 a 2011 e gastaron 200.000 euros dunha subvención nun PXOM que meteron no caixón porque non satisfacía a ninguén. Non sabe que legalidade se aplicaba antes, porque esta gasoleira ten licenzas e non quere revisar a súa legalidade. Se facemos unha modificación puntual non é un erro, entón eses acordos serían unha prevaricación. Por iso imos entender que é u erro e imos corrixir o que hai. Sinala que no informe se plantexan outras cuestións como a normativa estatal de hidrocarburos e conclúe manifestando que outros problemas non poden tratarse así.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

6º. Ratificación das Resolucións da Alcaldía polas que se aproban a modificación do Prego de prescricións técnicas para a subministración e colocación polo Concello de 225 luminarias LED para o Servizo de alumeadado público do Concello de Vimianzo.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 17 de xaneiro de 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Obras e Urbanismo reunida o 23 de xaneiro de 2018, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Ratificación das Resolucións da Alcaldía polas que se aproban a modificación do Prego de prescricións técnicas para a subministración e colocación polo Concello de 225 luminarias LED para o Servizo de alumeadado público do Concello de Vimianzo.

Dáse conta das seguintes Resolucións da Alcaldía polas que se modifica o Prego de prescricións técnicas para a Subministración e colocación polo Concello de 225 luminarias LED para o Servizo de alumeadado público do Concello de vimianzo, logo de ser requirida a subsanación de deficiencias por parte da Deputación provincial da Coruña:

-Resolución da alcaldía núm. 32/2018, de 12/01/2018, pola que se aproba a modificación do Prego de cláusulas técnicas para a Subministración de 225 luminarias LED para o Servizo de alumeadado público do concello de Vimianzo.

-Resolución da alcaldía núm. 46/2018, de 17/01/2018, pola que se aproba a modificación do Prego de prescricións técnicas para a Subministración e colocación polo Concello de 225 luminarias LED para o Servizo de alumeadado público do concello de Vimianzo.

A Deputación esixe que se ratifiquen as resolucións polo Pleno.



Visto canto antecede, esta Alcaldía, previo ditame da Comisión informativa permanente de Obras e Urbanismo, propón ao Pleno do Concello a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Ratificar as resolucións da alcaldía núm.32/2018, de 12/01/2018 e núm.46/2018, de 17/01/2018.

Segundo.-Dar traslado deste acordo á Deputación provincial da Coruña, a través da plataforma Subtell.

Vimianzo, 17 de xaneiro de 2018

O alcalde.

Manuel Antelo Pazos.”

Non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

7º. Modificación da Ordenanza Fiscal núm. 24 reguladora da taxa da prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 16 de xaneiro de 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas e Orzamento reunida o 23 de xaneiro de 2018, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA PLENO

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 24, REGULADORA DA TAXA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS DE VIVENDA COMUNITARIA, ESCOLA INFANTIL, CENTRO DE DÍA, COMEDOR SOBRE RODAS E LAVANDERÍA SOBRE RODAS

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde-presidente do Concello de Vimianzo, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vista a necesidade de modificar a ordenanza fiscal nº 24 reguladora taxa pola prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas, para actualizar as tarifas segundo a variación anual do IPC.

Visto a variación do IPC a novembro de 2017, que foi de 1,7 %.

Visto o texto da modificación da ordenanza redactado polos servizos económicos municipais.

Considerando o disposto nos artigos 15 a 19, 57, e 20.3 s) e 101 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo RDL 2/2004 de 5 de marzo.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d),25.2, 47.1, 49,65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte ACORDO:



Primeiro.- Aprobar a modificación do artigo 7 da Ordenanza fiscal nº 24 reguladora da taxa pola prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas, co seguinte texto proposto:

“7.2 A cota tributaria pola prestación dos servizos de escola infantil determinarase de conformidade coa seguinte tarifa e cos descontos previstos para adoptar a contía das taxas á capacidade económica dos suxeitos pasivos.

(...Resto do artigo permanece igual...)

4. Aplicación das taxas mensuais segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar, queda como segue:

Tramos renda per cápita Intervalo IPREM	Tarifa	Xornada completa	Media Xornada	Comedor Escolar	Transporte
> 200%	1	162,72	81,36	50	50
151% - 200%	2	141,36	70,68	43	43
126% - 150%	3	128,14	64,07	36	36
101% - 125%	4	107,80	53,90	25	25
76% - 100%	5	67,12	33,56	18	18
51% - 75%	6	33,56	16,78	12	12
31% - 50%	7	0	0	12	12
< ou = 30 %	8	0	0	0	0

(...Resto do artigo permanece igual...)

6. As taxas establecidas no punto 4 actualizaranse anualmente conforme as fluctuacións que experimente o IPC anual a 30 de novembro do anterior, procedéndose a modificar a presente ordenanza fiscal de acordo co procedemento regulado nos artigos 17 e seguintes do TRLFL.

7.3. A cota tributaria pola prestación do servizo de centro de día determínase de conformidade coa seguinte tarifa:

PREZO MES

Ingresos (Renda per cápita)	Cota por usuario a xornada completa	Cota por transporte 2 Viaxes (€)
Menores ou iguais á PNC	0,50 x SMI	39,68
Maiores á PNC e menores ou iguais ao SMI	0,70 x SMI	39,68
Maiores ao SMI e menores ou iguais ao dobre do SMI	0,90 x SMI	39,68
Maiores ao dobre do SMI e menores ou iguais ao triplo do SMI	1,00 x SMI	39,68
Maiores ao triplo do SMI	1,50 x SMI	39,68

(...Resto do artigo permanece igual...)



7.4. A cota tributaria pola prestación do servizo de lavandería e comedor sobre rodas determínase consonte coa seguinte tarifa:

PREZO SERVIZO

Ingresos (Renda per cápita)	Comedor (€)	Lavandería (€)
Menores ou iguais á PNC	1,22	0,37
Maiores á PNC e menores ou iguais ao SMI	2,41	0,60
Maiores ao SMI e menores ou iguais ao dobre do SMI	3,65	0,75
Maiores ao dobre do SMI e menores ou iguais ao triplo do SMI	4,83	0,97
Maiores ao triplo do SMI	6,06	1,22

A estos prezos hai que engadirle un custo de 1,80 € por día para o transporte se éste fose necesario.

7.5. As tarifas numéricas sinaladas no caso dos servizos de comedor, lavandería sobre rodas, e para a parte da cota referida ao transporte no caso do centro de día, serán actualizadas anualmente conforme ás fluctuacións que experimente o IPC anual a 30 de novembro do anterior, procedéndose a modificar a presente ordenanza fiscal de acordo co procedemento regulado nos artigos 17 e seguintes do TRLRFL.

Esta revisión empezará a aplicarse para o exercicio 2007 tendo en conta o IPC de decembro 2005 a novembro de 2006.”

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante trinta días, mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Terceiro.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

Cuarto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, o acordo definitivo da aprobación da modificación así como o texto íntegro da Ordenanza fiscal nº 24 no Boletín Oficial da Provincia.

Vimianzo, 16 de xaneiro de 2018

O Alcalde

Manuel Antelo Pazos”

O alcalde explica que se trata dun acordo contractual adquirido polo anterior goberno, coa empresa que xestiona os servizos sociais.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por oito votos a favor de Adiante Vimianzo, cinco abstencións de IxV e grupo mixto, e ningún voto en contra, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

8º. Liquidación definitiva correspondente ao exercicio 2017 do contrato de xestión de servizos municipais de vivenda comunitaria, centro de día, escola infantil e comedor e lavandería sobre rodas.



Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 16 de xaneiro de 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas e Orzamento reunida o 23 de xaneiro de 2018, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA PARA O PLENO

Liquidación definitiva correspondente ó exercicio 2017 do contrato de xestión de servizos municipais de vivenda comunitaria, centro de día, escola infantil e comedor e lavandería sobre rodas

Visto os escritos do Grupo Reactada de liquidación definitiva do exercicio 2017, en relación co contrato de xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día e comedor e lavandería sobre rodas.

Vistos os informes de Intervención e Servizo Económico-Administrativo, e informe conxunto de Servizos Sociais e Servizo Económico.

Esta liquidación ascende a un total de 327.639,78 euros dos que se atopan pendente a contía de 17.376,57 euros. A esta cantidade hai que descontar o canon a favor do concello por importe de 19.049,23 euros.

Dado que a variación do IPC de novembro de 2016 a novembro de 2017, de acordo co INE, foi un 1,7% polo que o canon a pagar pola empresa no exercicio 2018 será de 19.373,07 euros.

De acordo co prego de cláusulas económico administrativas e prescricións técnicas reitoras desta xestión de servizos e cláusula sexta do contrato administrativo os prezos de servizo e praza, vixentes para o exercicio 2018, unha vez aplicada a variación do IPC, serán os seguintes:

1. Vivenda Comunitaria: 1.544,73 euros/mes.
2. Escola Infantil: 445,28 euros/mes.
3. Comedor sobre rodas: 9,40 euros/menú.
4. Lavandería sobre rodas: 3,94 euros/lavado.

De acordo co prego de cláusulas económico administrativas e prescricións técnicas reitoras desta xestión de servizos os pagos a conta para o exercicio 2018 será o 90% da liquidación definitiva que importan un total de 294.875,80 euros.

Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobado a liquidación definitiva do exercicio 2017, que supón un custo total para o Concello de 327.639,78 euros, quedando pendente de pagamento 17.376,57 euros.



Segundo.- Para este exercicio 2018 e de acordo co establecido no contrato de xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día e comedor e lavandería sobre rodas e de forma específica para este exercicio os pagos a conta serán de 294.875,80 euros, repartidos co seguinte detalle:

- xaneiro: 25.783,90 euros
- meses de febreiro a decembro: 24.462,90 euros

Terceiro.- Que se proceda ó cobro da contía pendente do canon 2017, que ascende á mil seiscentos setenta e dous euros e sesenta e seis céntimos (1.672,66 euros), á empresa adxudicataria deste servizo Grupo Reacteda, S.L.

Cuarto: Que o canon que deberá aboar a empresa Grupo Reacteda, S.L. polo uso dos locais para a prestación dos ditos servizos, ascende á contía de 19.373,07 euros que será deducido da liquidación definitiva do exercicio 2018.

Quinto: Modificar a cláusula sexta do contrato administrativo de xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día e comedor e lavandería sobre rodas, no relativo os prezos de servizo e praza, que para o exercicio 2018 serán os seguintes:

- Vivenda Comunitaria: 1.544,73 euros/mes.
- Escola Infantil: 445,28 euros/mes.
- Comedor sobre rodas: 9,40 euros/menú.
- Lavandería sobre rodas: 3,94 euros/lavado.

Vimianzo, 16 de xaneiro de 2018

O Alcalde

Manuel Antelo Pazos"

O alcalde pide a interventora que comente os datos referidos aos custes dos servizos.

A interventora comenta os datos que constan na táboa do expediente, que desagrega os custes en función do aportado polo concello e polos usuarios.

O alcalde sinala que que os servizos sociais custan preto de medio millón de euros, sendo a vivenda comunitaria o máis caro.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por oito votos a favor de Adiante Vimianzo, cinco abstencións de IxV e grupo mixto, e ningún voto en contra, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

9º. Modificación da Ordenanza Fiscal núm., reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 17 de xaneiro de 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas e Orzamento reunida o 23 de xaneiro de 2018, que se transcribe literalmente:



“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 16, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO)

O artigo 103.2 RDLex. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, recolle a posibilidade de que os Concellos aproben determinadas bonificacións ao ICIO.

Visto o informe conxunto de secretaria e intervención, sobre a proposta de modificación de dita ordenanza, propónse ao Pleno do Concello, previo ditame da Comisión Informativa correspondente, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación da ordenanza fiscal núm. 16 reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, variando a redacción do seu artigo 6º, que quedaría da seguinte maneira:

“Artigo 6.º.–Bonificacións e deducións.

6.1.- Establécese unha bonificación do 40% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais ou histórico artísticas que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

6.2.- Establécense bonificacións por concorrer circunstancias de fomento do emprego de ata o 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que se realicen no Parque Empresarial de Vimianzo; ou que sexan realizadas por agricultores ou gandeiros e que queden afectas a dita actividade durante un prazo de dous anos dende o remate das obras.

Para ter dereito a esta bonificación alomenos o 30% do orzamento de execución material da construción, instalación ou obra debe ser realizada por empresas con domicilio fiscal en Vimianzo con unha antigüidade superior a dous anos. As bonificacións que se establecen son as seguintes:

a) Cando o suxeito pasivo do imposto teña o domicilio fiscal en Vimianzo cunha antigüidade de mais de 2 anos, e mais do 50% do seu persoal estea empadroados en Vimianzo, a bonificación será do 95% da cota do imposto.

b) Cando o suxeito pasivo do imposto cree novos postos de traballo (contratos de carácter indefinido con persoas que non tiveran relación laboral co promotor nos últimos dous anos) coa contratación de persoas empadroadas en Vimianzo, a porcentaxe da bonificación determinarase en función do orzamento de execución material e do número de novos postos de traballo creados, de acordo coa seguinte táboa:

Puntuación dos requisitos

Orzamento de execución material	Puntos	Postos de traballo de nova creación	Puntos
Ata 150.000€	1	1	4
De 150.000,01 a 200.000€	2	2	5
De 200.000,01 a 250.000€	3	3	6
De 250.000,01 a 300.000€	4	4	7
Máis de 300.000€	5	5 ou máis	8

Porcentaxe de bonificación

Puntos	% Bonificación
--------	----------------



5	50%
6	60%
7	70%
8	80%
9	95%

A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do interesado, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Coa solicitude da bonificación deberá achegarse unha memoria explicativa da construción a realizar e da iniciativa empresarial proxectada, na que se inclúa unha estimación do orzamento de execución material, pormenorizando aqueles aspectos relacionados coa creación de novos postos de traballo. No caso dos agricultores e gandeiros, deberán acreditar a súa condición.

6.3.- Establécese unha bonificación do 50% da cota do imposto, por concorrer circunstancias de carácter cultural e histórico, a favor das obras de rehabilitación de vivendas e edificacións tradicionais ou de singular valor arquitectónico, que supoñan a recuperación do uso residencial das mesmas, sempre e cando alomenos o 30% do orzamento de execución material das obras sexa realizada por empresas con domicilio fiscal en Vimianzo cunha antigüidade superior a dous anos.

Considerase edificacións tradicionais aquelas que cumpran dúas condicións (art. 33 Decreto 143/2016, polo que se aproba o regulamento da Lei do Solo de Galicia):

a) Que sexan identificables nas fotografías aéreas do «voo americano» do ano 1956.

b) Que teñan unha estrutura recoñecible como tradicional da arquitectura popular de Galicia.

Coa solicitude da bonificación achegarase unha copia do proxecto de obras obxecto da licenza urbanística solicitada, xunto cunha declaración responsable do cumprimento dos requisitos para obter a bonificación, así como o compromiso de presentar o certificado final das obras e as facturas polo custe total das obras ao seu remate.

A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude dos interesados, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.”

SEGUNDO.- Expoñer ao público o anterior acordo mediante anuncio que se insertará no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de 30 días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación de dito anuncio no Boletín Oficial da Provincia, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

No caso de que non fosen presentadas alegacións ao expediente no prazo anteriormente indicado, o acordo entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Vimianzo, 17 de xaneiro de 2018

O Alcalde

Manuel Antelo Pazos”

A concelleira do PSOE está dacordo con esta iniciativa, tanto que en xaneiro de 2016 presentou unha moción para o fomento do emprego e evitar que as familias tiveran que marchar de Vimianzo. Sinala un defecto: se unha empresa se crea agora e se instala no polígono, non ten dereito á bonificación? Tamén considera difícil que nalgún sector se poda cumprir o requisito de que máis do 50% do persoal estea empadroadado no municipio.

A concelleira do PP declina intervir neste punto.



O concelleiro de TEGA está dacordo con esta proposta se queremos que as empresas queden en Vimianzo. Sería importante eliminar o requisito dos 2 anos de antigüidade.

A concelleira de IxV sinala que está dacordo coa finalidade pero ten matices que facer: no sector da gandeiría é difícil atopar xente de aquí, e o requisito dos 2 anos de antigüidade parécelle esaxerado porque se un autónomo inicia unha actividade tampouco ten dereito, ao igual que esixir que os novos traballadores non estiveran contratados nos últimos 2 anos, que tamén limita moito.

O alcalde di que lle agrada ver que hai coincidencia no fondo e considera que eses aspectos poden eliminarse, en concreto:

1º. Elimina o requisito dos 2 anos de antigüidade tanto en empresas que executan as obras como no propio suxeito pasivo.

2º. O requisito do vínculo dos traballadores redúcese de 2 anos a 6 meses.

Todos están dacordo, de xeito que o apartado 6.2 queda coa seguinte redacción:

“6.2.- Establécense bonificacións por concorrer circunstancias de fomento do emprego de ata o 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que se realicen no Parque Empresarial de Vimianzo; ou que sexan realizadas por agricultores ou gandeiros e que queden afectas a dita actividade durante un prazo de dous anos dende o remate das obras.

Para ter dereito a esta bonificación alomenos o 30% do orzamento de execución material da construción, instalación ou obra debe ser realizada por empresas con domicilio fiscal en Vimianzo. As bonificacións que se establecen son as seguintes:

a) Cando o suxeito pasivo do imposto teña o domicilio fiscal en Vimianzo, e mais do 50% do seu persoal estea empadroados en Vimianzo, a bonificación será do 95% da cota do imposto.

b) Cando o suxeito pasivo do imposto cree novos postos de traballo (contratos de carácter indefinido con persoas que non tiveran relación laboral co promotor nos últimos seis meses) coa contratación de persoas empadroadas en Vimianzo, a porcentaxe da bonificación determinarase en función do orzamento de execución material e do número de novos postos de traballo creados, de acordo coa seguinte táboa:

Puntuación dos requisitos

Orzamento de execución material	Puntos	Postos de traballo de nova creación	Puntos
<i>Ata 150.000€</i>	<i>1</i>	<i>1</i>	<i>4</i>
<i>De 150.000,01 a 200.000€</i>	<i>2</i>	<i>2</i>	<i>5</i>
<i>De 200.000,01 a 250.000€</i>	<i>3</i>	<i>3</i>	<i>6</i>
<i>De 250.000,01 a 300.000€</i>	<i>4</i>	<i>4</i>	<i>7</i>
<i>Máis de 300.000€</i>	<i>5</i>	<i>5 ou máis</i>	<i>8</i>

Porcentaxe de bonificación

Puntos	% Bonificación
<i>5</i>	<i>50%</i>
<i>6</i>	<i>60%</i>
<i>7</i>	<i>70%</i>
<i>8</i>	<i>80%</i>
<i>9</i>	<i>95%</i>



A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do interesado, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Coa solicitude da bonificación deberá achegarse unha memoria explicativa da construción a realizar e da iniciativa empresarial proxectada, na que se inclúa unha estimación do orzamento de execución material, pormenorizando aqueles aspectos relacionados coa creación de novos postos de traballo. No caso dos agricultores e gandeiros, deberán acreditar a súa condición."

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión, coas emendas introducidas no apartado 6.2, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

10º. Bonificación do ICIO a Marazón S.C.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 17 de xaneiro de 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas e Orzamento reunida o 23 de xaneiro de 2018, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: bonificación do ICIO á Marazón, S.C. pola solicitude de licenza de construción de silos forraxeiros “trincheira”, situados en Reboredo, parroquia de Salto

Visto expediente promovido por Marazón, S.C., representada por D. Manuel Ramos Ures, no que solicita a bonificación do 95 % da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO), en base ao establecido no artigo 6º da ordenanza fiscal reguladora de dito imposto, cuxa actual redacción é a publicada no BOP Nº 175 do 15 de setembro de 2014.

Considerando que nas obras que se pretende realizar (construción de silos forraxeiros “trincheira”, situados en Reboredo, parroquia de Salto) concorre un especial interese municipal, por existir circunstancias sociais que determinan a necesidade de que no actual entorno de crise se apoie ao sector primario dalgún xeito, dado o recorte progresivo que se está a producir na marxe de beneficio que deriva das actividades agrícolas e gandeiras.

Tendo en conta ademáis o carácter eminentemente rural do noso concello, e que o sustento de moitas familias deriva das rendas obtidas pola realización deste tipo de actividades.

Esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno, previo ditame da Comisión de Contas, Facenda, Orzamento e Asuntos Económicos, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Recoñecer a Marazón, S.C., representada por D. Manuel Ramos Ures, unha bonificación do 95,00 % da cota do ICIO para as obras de construción de silos forraxeiros “trincheira”, situados no lugar de Reboredo, parroquia de Salto, recoñecendo o especial interese municipal das obras a realizar.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesado, e dar traslado dunha certificación aos servizos municipais correspondentes para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Vimianzo, 17 de xaneiro de 2018
O alcalde

Manuel Antelo Pazos”



Non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

B) Sección de control

11º. Comunicados oficiais.

A secretaria da conta dos seguintes anuncios publicados no BOP:

- BOP n.º 223 do 23/11/2017, anuncio de inicio do expediente de investigación do camiño de Reboredo.
- BOP n.º 243 do 26/12/2017, anuncio de creación da comisión de seguimento da concesión dos servizos sociais.
- BOP n.º 242, do 22/12/2017, de aprobación definitiva do orzamento para o exercicio 2018.

Asemade, dase conta dos seguintes asuntos de competencia plenaria:

- resolución do director xeral de Ordenación Forestal, de aprobación do proxecto de ordenación forestal do monte Gorreis (PO-00001245A(1.1) recibido o 19/12/2017 con RE 7829.
- comunicación da Xerencia Rexional do Catastro de Galicia sobre o cambio de denominación dalgunhas rúas no casco urbano de Vimianzo, recibido o 19/12/2017 con RE 7841.
- resolución do 24 de novembro de 2017, da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se clasifica un posto de traballo reservado a funcionarios/as con habilitación de carácter nacional no Concello de Vimianzo, publicado no DOG n.º 7 do 10/01/2018.

Dase conta dos seguintes acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno:

- proposta de adxudicación do SAF, na sesión do 21/12/2017.
- adxudicación do SAF, na sesión do 09/01/2018.

O Pleno da Corporación dase por enterado.

12º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, consta no expediente da presente sesión plenaria a relación de resolucións da Alcaldía-Presidencia, isto é, dende resolución núm. 1256/2017 do 15/11/2017 á núm. 70/2018 do 23/01/2018.

Ditas resolucións foron postas a disposición dos Sres. Concelleiros dende a data da convocatoria da presente sesión plenaria e incorpóranse á presente acta como Anexo I.

13º. Dación de conta de informes económico-orzamentarios.

A secretaria indica que non hai asuntos neste punto.



O Pleno da Corporación queda enterado.

14º. Mocións.

Non hai mocións.

14º. Rogos e preguntas.

O alcalde abre o turno de rogos e preguntas, comezando polo grupo mixto.

14.1. PSOE

Roga que non se retrase o inicio da obra de saneamento en Pasarela, porque hai problemas de vivendas cercanas ao río.

De seguido plantexa as preguntas:

1ª. Estado de tramitación do expediente de redelimitación dos núcleos.

2ª. Problemas na obra da senda peonil de Cereixo, como pode ser que haxa un informe de secretaría de cesión dos terreos e agora parece que hai problemas..

13.2. Partido Popular

A concelleira do PP formula as seguintes preguntas:

1ª. Que pasa cos postes da senda de Cereixo.

2ª. Que orde se sigue para mandar cinco proxectos a un estudo de arquitectura para que informe e non se mandan outros. Por que non se contrata persoal técnico.

3ª. Para que se vai a Polonia ou Irlanda e non se vai a Fitur.

13.2. Terra Galega

O concelleiro de TEGA plantexa as preguntas:

1ª. No Decreto 1256/2017 se condena ao concello a pagar unos 34.000 euros a SOGAMA, pregunta de que son.

2ª. No Decreto 1316/2017 se paga unha indemnización a un traballador, que antes foi denunciado na vía penal, tratándoo de corrupto. A que xoga o alcalde?

3ª. Que pasa coa obra de Santa Comba, que é alucinante, está peor que a ponte Nafonso, este día veu unha riada e levou todo.

Sinala que agora que se van acometer outras obras en Santa Comba, se é posible dende a saída de Santa Comba ata a casa de Gumersindo pavimentar todo. Nas Cabazas hai tres semanas que prepararon o pavimento e está todo desfeito. Mostra fotos.

O alcalde dille que concrete.

O Sr. Rodríguez Blanco pregunta se esas son obras e dille ao alcalde que o día que vaia alí vai con el para falar coa xente.

O alcalde faille unha primeira advertencia para que concrete as preguntas, e diante da insistencia do concelleiro, faille unha segunda advertencia.

13.4. IxV

A concelleira de IxV comeza cos rogos:

1º. Roga que se solicite un informe á Deputación sobre a condición de non adscritos do grupo de goberno.



2º. Que se solucione o serio problema de limpeza dos contenedores no casco urbano.

3º. Na curva de Calo a Pasarela fíxose unha reparación pero segue o problema das pozas.

4º. Se tivese vontade de solucionar ese problema, a casa de Evaristo Blanco non estaría nesa situación, e prega que se axilice eses expediente.

A continuación formula as preguntas:

1ª. Liquidación de SOGAMA e pago de case 35.000 euros.

2ª. Non redunda sobre a senda de Cereixo.

3ª. Que os trámites para solicitar un enganche de auga sexan máis sinxelos.

4ª. Hai algún acordo entre concello e universidade para facer unha memoria sobre Calo e Boallo?

5ª. Sendo un dos alcaldes que máis cobra (o 35º de Galicia), como pasa 250 euros por locomoción en vez de ir no coche do concello?

6ª. Cal é o custe do equipo que traballa dende Coruña para facer informes urbanísticos? Habería que ver se non compensa contratar a unha persoa.

7ª. Cando se recaudou en ICIO no 2017? Na xunta de goberno do 18/12/2017 arquiváronse catro expedientes e só se concediu unha licenza. A fama de Vimianzo é que non se saca unha licenza. Hai empresas no polígono que non están legais ao cen por cen e non hai vontade de buscarlle unha solución.

O alcalde responde:

1º. A obra de saneamento en Calabanda está pendente da autorización de Augas de Galicia.

2º. Dalle a palabra á secretaria para explicar os trámites da MP6. A secretaria indica que os trámites son os mesmos que os da MP4 e MP5 que veñen de tramitar, en concreto: avaliación ambiental, aprobación inicial, logo dous meses de exposición pública e petición de informes sectoriais autonómicos (faino urbanismo como novidade da LSG 2/2016), aprobación provisional e remisión á Xunta para aprobación definitiva.

3º. Non hai ningún problema coas cesións na senda de Cereixo, senón cun poste de Ferroatlántica.

4º. O arquitecto municipal está expedientado, co apoio da oposición que fixo deste asunto un tema político, contratouse a unha funcionaria interina e está de baixa dende outubro, e como descoñecen a data de alta, por eso se pide puntualmente informe a arquitectos externos.

5º. Fitur é unha feira importante pero estar alí custa 60.000 euros e Vimianzo xa está representado alí pola Deputación e o CMAT, por eso interesa ter proxección noutros sitios.

6º. Os colectores se empezaron a limpar co actual goberno, nunca antes se limparan. Será un aspecto que se incluírá na mellora da xestión do lixo.

7º. Non hai ningún lago na curva entre Pasarela e Calo, hai que ter moita imaxinación para dicir eso, non obstante revisarse.

8º. Os trámites para os enganches de auga non teñen maior compliación pero está dacordo en que teñen que resolverse antes.

9º. Non sabe de que fala cando se refire a o convenio entre concello e universidade. Pide que veñan con datos, non con rumores.

10º. Cando chegou á Alcaldía había expedientes no caixón, porque á xente véndeselle unha cousa e despois non se quere informar. Agora non se deixan no caixón, se resolven concedendo ou denegando, e se o interesado non presenta a documentación requirida, se ten por desistido e se arquiva. Non se pode enganar á xente como se fixo outorgando licenzas á gasoleira.

11º. Varios concellos recuriron a suba do canon de SOGAMA, e recurriuse aínda que parte das facturas se foron abonando. SOGAMA saíuse coa súa e gañou os contenciosos, e houbo que pagar o que restaba.

12º. Cando unha empresa fai unha obra e queda mal, hai que esixirlle, e así se fixo na xunta de goberno, da que os concelleiros teñen a acta.

O concelleiro de TEGA está dacordo, e aclara que non dixo o contrario.

O alcalde di que hai outras actuacións colaterais ao saneamento que se están facendo, e pídelle ao concelleiro de TEGA que non se inmiscúa nos asuntos municipais.

13º. Abriuse un expediente disciplinario ao encargado de ler os contadores, mandouse á Fiscalía por indicación do instrutor e presentou denuncia. Esta persoa pediu unha excedencia e o servizo externalizouse, e pediu



reincorporarse antes do vencemento do permiso solicitado. O concello subrogouno e el recurriu á subrogación, e chegaron a un acordo que considera positivo para ambos, no que se incluiu que o concello se retirara se calquera procedemento xudicial porque non hai motivo para enredar con estes temas.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as 21:50 horas , a presidencia remata a sesión e eu redacto esta minuta-borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o 26-01-2018.

O alcalde

A secretaria